

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA 30 DE DECEMBRO DE 2010

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas e trinta minutos do día trinta de decembro de dous mil dez, baixo a presidencia do señor alcalde don Antonio Varela Saavedra, reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, a corporación municipal en Pleno.

Asisten os señores concelleiros don Jaime Manuel López Lisnier, dona Erundina Prado Arcay, dona Carmen Tato Lago, dona M^a Ángeles Míguez Mouzo e don José Francisco Parcero Rial, do PSdeG-PSOE; don José Antonio Baamonde López, don Nicolás José Cubeiro Martínez, dona María Jesús González Roel, dona María Jesús Vieites Mariñas, don Santiago Manuel Ríos Rama, dona Goretti Pérez Eléxpuru e don Felipe Andreu Barallobre, do PP; don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, dona Gumersinda Becerra Montes, don Antón Otero Domínguez e dona Laura Fernández Martínez, do BNG; don Luis Miguel Taibo Casás e don Juan Antonio Fernández López, de EU-IU; don Manuel Marante Gómez, do PG (GM); e dona M^a Beatriz Ramos Padín, concelleira non adscrita.

Asiste dona M^a Irache Enríquez Albaina, interventora, e dona M^a Luisa de la Red Ampudia, como secretaria da corporación.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º Aprobación, se procede, do borrador da acta correspondente á sesión extraordinaria do día 20 de outubro de 2010

O Sr. presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión extraordinaria do día 20 de outubro de 2010.

Non se formulan alegacións polo que, a corporación, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que a compoñen, aprobou o citado borrador.

2º Proposta de aprobación do expediente número 1/2010 de recoñecemento de obrigas de exercicios anteriores

Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Economía, Facenda, Educación e Deportes de data 22 de decembro de 2010.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Educación, Deportes, Promoción Económica e Emprego de data 28 de decembro de 2010.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, manifesta que o seu grupo abstívose na comisión informativa e hoxe vai facer o mesmo, pero que, de todas formas, é conveniente explicar que isto ven derivado das obras do FEIL, daqueles 8.000 millóns que dedicou o goberno central para combater o desemprego. Cando se aprobou neste pleno non tiveron en conta as achegas que fixo o PP, como de costume, pero xa entón o seu grupo preguntou ao concelleiro de Facenda, don José Venancio Salcines, se estaba seguro de que estaba ben presupostado todo e de que non ía haber desviacións. Por suposto aseguroulles que estaba todo ben e que non ía haber ningunha desviación. Pero claro, onde non hai desviacións é na forma de traballar deste concello, o normal é que pasen cousas.

Ademais teñen que lembrar tamén que isto foi contratado cun sistema negociado sen publicidade, que significa, como saben, que se lle pide orzamento a tres empresas, a criterio do contratante. O seu grupo está totalmente en contra desta forma de facer as cousas, polo tanto, vanse abster, para que eses provedores poidan cobrar, porque os informes dos técnicos así o recomentan, pero tamén queren manifestar a súa repulsa a esta forma de facer as cousas en Cambre.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que ven sendo unha práctica habitual que a finais de ano, no mes de decembro, se presenten unha serie de facturas que por diversos motivos, por obras complementarias que se fixeron no FEIL, e por outras cuestións que se explicaron o outro día na comisión, non foron aboadas no seu momento nin tiñan orzamento.

Eles son conscientes, e así o teñen manifestado en diversas ocasións, que as empresas que realizan un traballo teñen que cobrar, pero tamén se atopan con que aquí hai case 230.000 euros que non estaban presupostados. En todo caso, e apelando a que as empresas e os traballadores teñen que cobrar, manteñen o voto emitido na comisión, e vanse abster.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), manifesta que el tamén se vai abster, que xa dixo nas comisións que se ía abster, porque non tiña previsto vir hoxe ao pleno, por outros motivos, ao final pospuxéronse e puido vir. Neste caso vaise abster.

Concedida a palabra a dona M^a Beatriz Ramos Padín, concelleira non adscrita, manifesta que o seu voto tamén vai ser de abstención.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros do PSdeG-PSOE e os catro concelleiros do BNG, e abstéñense os sete concelleiros do PP, os dous concelleiros de EU-IU, o concelleiro do GM (PG) e a concelleira non adscrita.

A corporación, por dez votos a prol, acordou:

Aprobar o expediente núm. 1/2010 de recoñecemento de obrigas de exercicios anteriores con cargo ó orzamento de 2010 por importe de 229.025,25 euros, correspondente ás seguintes facturas, así como autorizar, dispoñer e recoñecer as obrigas correspondentes:

Núm. Factura	Data	NIF / CIF	Nome / Denominación social	Importe
32/2007	20/03/2007	B15169329	EXCAVACIONES J. FERNÁNDEZ S.L	4.535,60
111/2009	30/10/2009	B15169329	EXCAVACIONES J. FERNÁNDEZ S.L	14.650,27
N01214/09	31/10/2009	A21294780	IBERSILVA S.A	27.139,38
06/2009	27/11/2009	U70199302	ALVAC S.A E API MOV. UTE C.FÚT.DANI MALLO	53.938,57
557/09	17/11/2009	A15168156	ESPINA OBRAS HIDRÁULICAS S.A	8.639,26
635/2009	21/12/2009	A15168156	ESPINA OBRAS HIDRÁULICAS S.A	11.868,92
653/09	30/12/2009	A15168156	ESPINA OBRAS HIDRÁULICAS S.A	12.879,93
10	1/03/2010	2434379Z	BARREIRO LISTE, ANTONIO	2.320,00
031/10	29/01/2010	A15168156	ESPINA OBRAS HIDRÁULICAS S.A	17.223,42
032/10	29/01/2010	A15168156	ESPINA OBRAS HIDRÁULICAS S.A	12.292,33
033/10	29/01/2010	A15168156	ESPINA OBRAS HIDRÁULICAS S.A	11.468,83
035/10	29/01/2010	A15168156	ESPINA OBRAS HIDRÁULICAS S.A	15.111,03
036/10	29/01/2010	A15168156	ESPINA OBRAS HIDRÁULICAS S.A	7.548,98
037/10	29/01/2010	A15168156	ESPINA OBRAS HIDRÁULICAS S.A	3.353,25
038/10	29/01/2010	A15168156	ESPINA OBRAS HIDRÁULICAS S.A	7.498,01
269/2010	30/06/2010	A15168156	ESPINA OBRAS HIDRÁULICAS S.A	16.588,57
AM/0	26/06/2009	F15048275	SATEGA S.COOP	96,66
1/2010	09/09/2010	P1507600C	CONCELLO DE SADA	1.200,00
10I12006706	25/08/2009	A15009665	BEGANO, S.A	385,34
41274	01/09/2008	B15355639	DELITEL S.L	8,00
41689	28/11/2008	B15355639	DELITEL S.L	43,90
41886	30/12/2008	B15355639	DELITEL S.L	49,00
40387	12/03/2009	B15355639	DELITEL S.L	3,00
40967	27/07/2009	B15355639	DELITEL S.L	106,00
41096	26/08/2009	B15355639	DELITEL S.L	58,00
41324	09/10/2009	B15355639	DELITEL S.L	10,00
41351	16/10/2009	B15355639	DELITEL S.L	9,00
			Total	229.025,25

3º Proposta de aprobación das bases para a convocatoria pública de bolsas de estudo para o curso 2010-2011

Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Economía, Facenda, Educación e Deportes de data 14 de decembro de 2010.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Educación, Deportes, Promoción Económica e Emprego de data 28 de decembro de 2010.

Concedida a palabra a dona M^a Jesús González Roel, voceira do PP, manifesta que o seu grupo vai manter o voto de abstención da comisión, e que lle gustaría preguntar a través de que medios se publicitan estas axudas para os escolares.

Don Jaime Manuel López Lisnier contesta que ten que saír publicado no Boletín Oficial da Provincia e despois se publicita a través dos medios que normalmente ten o concello, paneis informativos e demais.

Dona M^a Jesús González Roel di que lle parece que non figura na páxina web.

Don Jaime Manuel López Lisnier responde que de momento non figura porque estaba pendente de aprobación para poder saír publicitado.

Dona M^a Jesús González Roel sinala que, en todo caso, o seu grupo vaise abster, e que lles parece bastante raro que coa cantidade que é, que é unha cantidade bastante pequena, que aínda así non se cubra coas solicitudes. Pensan que é por falta de publicidade.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros do PSdeG-PSOE e os catro concelleiros do BNG, e abstéñense os sete concelleiros do PP, os dous concelleiros de EU-IU, o concelleiro do GM (PG) e a concelleira non adscrita.

A corporación, por dez votos a prol, acordou:

Primeiro: Aprobar as bases da convocatoria pública de bolsas de estudo para o curso 2010-2011 que se achegan así como os seus anexos.

Segundo: Aprobar un gasto de 7.200,00 euros con cargo á partida 2010 323 481 “Bolsas de estudo” do actual orzamento municipal.

Terceiro: Publicar as bases no boletín oficial da provincia e no taboleiro de anuncios do concello, así como darlles publicidade mediante avisos nun dos xornais de maior tirada da provincia e mediante trípticos informativos sobre a convocatoria.

4º Proposta de aprobación do proxecto técnico para executar a obra “Casa da Cultura” de Cambre

Vista a proposta da Alcaldía de data 17 de decembro de 2010.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Transportes, Mobilidade, Patrimonio, Cultura e Contratación de data 28 de decembro de 2010.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, manifesta que o punto di “proposta de aprobación do proxecto técnico para executar a obra Casa da Cultura de Cambre”, e que, probablemente, esta aprobación debería ter tido en conta aos demais grupos antes, non facer, unha vez máis, o contrato de algo tan importante da forma habitual, que é chamar a alguén, quen sexa, quen se considere oportuno, sen ningún tipo de concurso. Así é como se contratou o estudo, de feito o Sr. alcalde recoñeceu publicamente despois dunha denuncia deles, foi así como se contratou ese proxecto.

Polo tanto, di que só a forma de contratar xa merece a súa repulsa, pero ademais, o Sr. alcalde leva 20 anos prometendo a Casa da Cultura. Ten que lembrarlle que fixo un concurso de ideas no seu día que custou 120.000 euros, 20 millóns de pesetas, para construír a Casa da Cultura nun terreo que non é edificable. Iso fíxoo o Sr. alcalde, non un veciño que descoñece a normativa, senón o alcalde do Concello de Cambre, un concello con 24.000 habitantes. Ademais, quédanlle cinco meses de mandato, e polo tanto, a recomendación do PP ao Sr. alcalde é que faga as cousas ben, e as que non poida facer ben, que non as faga, que é este caso, polo tanto, o PP vai votar en contra da aprobación do expediente, facéndolle a recomendación ao Sr. alcalde de que non o saque adiante, que o deixe e que o faga a próxima corporación.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que o problema da Casa da Cultura é un problema que ven arrastrando este concello nas últimas tres lexislaturas, un problema arrevesado, que ao mesmo tempo se lles atragantou tanto ao goberno do PSOE en maioría, como aos distintos gobernos co BNG. Non foron capaces de sacar adiante o seu proxecto estrela, unha ambiciosa construción, que foi cambiando ao longo do tempo e que ven derivada de tres proxectos, o primeiro que era de 6 millóns de euros, o segundo de 4.200.000 euros, e o terceiro de 3.070.000 euros. Por conseguinte, vaise reducir a construción a 627 metros, e agora mesmo o grupo de goberno busca a complicidade e o apoio da corporación en algo no que este goberno, e os gobernos anteriores, son os responsables, pola súa incapacidade de levar esta obra cara adiante.

Di que este é un problema que como dixo antes, ven de distintas corporacións pero, xa no ano 2007, EU-IU lembroulles que o atraso na execución desta obra era evidente. No 2009 volveron a lembrarllo outra vez, e a única resposta do Sr. alcalde foi dicir que se ía a respectar por parte da Deputación a súa subvención, e que a Casa da Cultura se ía facer no centro da vila, nas inmediacións do cruceiro, aínda coas dúbidas que expoñía o anterior arquitecto no referente ás posibles deficiencias que podían ter no aparcadoiro.

Como se dixo aquí, teñen que recoñecer que lapidaron 120.000 euros nun concurso de ideas, máis nun proxecto, nunha zona na que daban por feito que se podía facer, que se podía construír nela. Despois mandaron o proxecto á Xunta, e a Xunta de Galicia dilles

que fagan un plan de urbanismo, e que tras iso recualificaríase o terreo para poder facer a Casa da Cultura. Pero o equipo de goberno fíxoo ao revés, antes de preguntar á Xunta se se podía facer, fan o proxecto, e por conseguinte, pérdense 120.000 euros.

A eses 120.000 euros hai que sumarlles 17.000 euros nun proxecto que o Sr. alcalde xa recoñeceu que deu a dedo, máis 1.545 euros do informe dese proxecto que se lle encargou a un técnico de fóra do concello, cando debería telo feito o arquitecto que estaba no concello, que non o fixo.

Conclúe dicindo que agora buscan a complicidade e implicación do resto dos grupos, cando deste problema é o equipo de goberno o máximo responsable. Pídelles que non lles pasen a pelota e que, por conseguinte, o seu grupo vaise abster neste tema.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), manifesta que el vai votar en contra.

Concedida a palabra a dona M^a Beatriz Ramos Padín, concelleira non adscrita, manifesta que o seu voto vai ser abstención.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, manifesta que el cre que, se ben son certas algunhas das cousas que se dixeron, efectivamente houbo unha gran frustración para todo o mundo polo proxecto que non se puido levar adiante, non debido a que a Xunta o prohibira, senón debido a que tiña que ir paralela unha renovación da ordenación urbanística de Cambre que non foi, para que naquela parcela, que era de equipamento, pero que había que desenvolvela, se puidera executar aquel proxecto.

Explica que de alí veu este outro proxecto. O BNG dixo no seu momento que lles parecía mal, que lles parecía reducir as aspiracións que Cambre merece para un centro destas características, pero, en todo caso, sacouse un proxecto que era posible, mediante un convenio urbanístico obtivéronse os terreos, e o que se estivo foi a buscar financiamento por varias vías. Algunhas das vías funcionaron, houbo resposta positiva, pero outras non, por iso o que houbo que facer unha vez que tiveron o proxecto nas súas mans, foi levar a cabo unha reforma del para diminuír determinadas cousas co fin de baixar o custo total da obra e para poder financeiro.

Di que hoxe se trae aquí a pleno, porque é preceptivo por lei porque o importe do proxecto indica que é o pleno o órgano que ten que aprobar este proxecto. Estase dando xa o primeiro paso real para que iso sexa non só futuro, senón que se poida tocar dentro de pouco tempo. Di que iso é o que se trae aquí, aprobar un proxecto e despois aínda haberá máis trámites que facer neste mesmo pleno para que esa obra poida ser realidade. Trátase diso, nada máis, agora mesmo xa non son palabras, senón que é un proxecto coa supervisión técnica favorable, este pleno ten a competencia para aprobalo ou para rexeitalo, e a partir de aí poder comezar a desenvolver todo o procedemento que dará lugar a que se constrúa, por iso o voto do BNG, a pesar de que el cre que todos senten

unha certa frustración porque houbo que reducir as aspiracións do proxecto inicial e tamén do primeiro proxecto que están aprobando hoxe. Polo menos van ter algo, e cre que é boa cousa dar ese primeiro paso, por iso van votar a prol.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros do PSdeG-PSOE e os catro concelleiros do BNG, votan en contra os sete concelleiros do PP e o concelleiro do GM (PG), e abstéñense os dous concelleiros de EU-IU e a concelleira non adscrita.

A corporación, por dez votos a prol, acordou:

Primeiro: Aprobar o proxecto elaborado polo arquitecto don Emilio Cortés Varela, da empresa “Estudio TAIG, S.L.P.” para a execución da obra “*Casa da Cultura*” de Cambre, cun importe de execución por contrata de 3.069.909,88 euros.

Segundo: Acordar que polo técnico competente se efectúe o replanteo do proxecto, de conformidade co establecido no artigo 110 da Lei 30/2007 do 30 de outubro, de contratos do sector público, e dar traslado seguidamente do expediente de aprobación do proxecto aos Departamentos de Secretaría e Intervención municipais, para inicio da tramitación do expediente de contratación.

Terceiro: Remitir o proxecto aprobado á Excm. Deputación Provincial da Coruña, solicitando expresamente a formalización dun novo convenio para o financiamento da execución desta obra, no que se manteña, cando menos, a achega provincial de 800.000,00 euros que se determinaba no convenio suscrito coa data do 11 de decembro de 2009, e que teña unha vixencia de tres anualidades, isto co fin de que a obra poida executarse nos exercicios orzamentarios 2011, 2012 e 2013, (tal e como se establece no programa de traballo do proxecto), de xeito que o maior importe subvencionable se execute durante a anualidade 2012, sen que sexa preciso xustificar o remate final da obra ata o exercicio 2013.

5º Proposta de modificación do cronograma, supresión de actuacións e distribución orzamentaria entre actuacións do proxecto Arume

Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Medio Ambiente, Obras e Servizos, Participación Cidadá e Turismo de data 22 de decembro de 2010.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Educación, Deportes, Promoción Económica e Emprego e pola Comisión Informativa de Medio Ambiente, Obras e Servizos de data 28 de decembro de 2010.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, manifesta que convén lembrar que o plan Arume foi unha proposta que fixo o que naquel momento era tenente de alcalde, don Francisco Javier Varela Tejedor, e contou co voto

favorable do PP e co voto en contra do BNG. Están falando de máis de 4 millóns de euros de diñeiro europeo que veu para Cambre.

Explica que o PP votou a prol porque lle parecía moi interesante, especialmente o tema do río Mero, e que é lamentable que algo de tal valor como é o río Mero e as súas sendas estean no estado de abandono no que se atopan. Ten que dicir, porque supón que logo caerán na tentación de dicir que o están facendo para favorecer á Xunta do PP, que hai tres anos, quen gobernaba a Xunta era o bipartito, e ao PP de Cambre pareceulle, con independencia doutras cousas, pareceulle interesante facer iso, mellorar as sendas do río e conservar algo de tal valor. O BNG votou en contra.

Di que, cousas da vida, logo chegan a un acordo, ao famoso pacto para gobernar, e o mesmo que votou en contra é o mesmo que se ten que encargar de desenvolvelo, e casualmente comeza a defendelo como algo fantástico, unhas obras extraordinarias, que o son, pero hai que ter criterio e o que se defende nun principio hai que levalo a cabo.

Agora o que pretenden é anular a parte que corresponde ao río Mero para destinalo á Casa da Cultura, a esa mesma Casa da Cultura da que xa dixo hai un momento que lle recomenda ao Sr. alcalde que retire o proxecto. Despois de 20 anos de promesas, de que se ía facer en varios sitios, el recoméndalle que o retire, porque as cousas feitas con présa non saen ben. Ten que lembrarilles que hai 4 anos, tamén dunha forma similar, apresuráronse a facer a presentación da escola de música, e unhas obras que supostamente están rematadas dende hai 2 anos aínda non funcionan, precisamente porque as cousas se fan á présa e mal, o único que lles interesa son as grandes presentacións, e o PP non está disposto a colaborar niso, polo tanto, de ningunha maneira aceptan que se retire o diñeiro que corresponde ao río Mero, e moito menos que se dedique á Casa da Cultura.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, sinala que o seu grupo xa manifestou cando se aprobou o proxecto Arume, que ese proxecto non naceu con bo pé, tivo continuos problemas dende a súa aprobación, realizándose nun clima de desencontro entre todos os grupos presentes na corporación. En todo este proceso queda demostrado que existían outras variables que facían dubidar da viabilidade do proxecto. Os informes de Intervención deixaban entrever o risco de inestabilidade orzamentaria ao ter que dispoñer as arcas municipais dun millón e medio de euros, coincidindo parte da corporación en que o máis probable era que este proxecto fose unha hipoteca para as arcas municipais do concello, tratándose de actuacións plurianuais, limitando a capacidade investidora do concello e ignorando todos cal sería a situación de solvencia municipal e a situación económica neste presente ano 2011, agora falase de crise económica e das cuestións contrarias que se están padecendo.

Di que outro feito a ter en conta, e que para eles non era menos importante, era a sospeita da capacidade de xestión do goberno, e demostrouse que non foron capaces de cumprir cos prazos sinalados no proxecto orixinal do Arume.

Tamén quere dicir que este proxecto ten moitas horas enriba, moito traballo, e sobre todo moita dedicación de moitísima xente deste concello. Pero, como dixo antes, para o seu grupo queda totalmente desvirtuado, polo menos no que se refire aos prazos de execución e a súa efectividade, así pois, en coherencia co que fixeron anteriormente e coas decisións anteriores, EU-IU non vai ser cómplice das improvisacións do goberno, e por iso, van votar en contra.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), manifesta que el, e para non repetir palabras dos compañeiros que acaban de precederlle, tamén vai votar en contra.

Concedida a palabra a dona M^a Beatriz Ramos Padín, concelleira non adscrita, manifesta que ela tamén vota en contra.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, manifesta que o primeiro que hai que aclarar é que a Casa da Cultura acaba de ser aprobada polo pleno, agora mesmo xa non están no punto de poder retirala, este pleno acaba de aprobar o proxecto da Casa da Cultura.

Di que está moi ben recordar as posicións de cada quen, pero hai que facelo ben, e de paso que se lembra que o grupo municipal do BNG naquel momento votou en contra do proxecto Arume tal e como se presentara, é conveniente recordar o por que, cales foron os motivos. Precisamente, e xa que se cita, algunhas das dúbidas que o BNG amosou naquel momento, tiñan que ver con algún dos proxectos que agora están propoñendo retirar, pola súa inviabilidade para poder levalos adiante, por exemplo unha boa parte da actuación programada do río Mero, a das sendas, primeiro teríase que executar en terreos que non son de titularidade municipal, e segundo, serían terreos que están suxeitos a autorización sectorial de Augas de Galicia, da Xunta de Galicia. Iso parécelle unha cuestión bastante importante que o BNG xa comentara hai tres anos cando se trouxera este proxecto. Era un dos proxectos dentro do Arume que lles parecía de dubidosa execución, ou polo menos de moi difícil execución.

En todo caso, di que ese non é o problema agora mesmo, o problema agora mesmo é que, efectivamente, por diferentes motivos, algúns prazos foron atrasándose, foron complicándose as xestións, e hai outro factor que é fundamental en todo isto, que é o financiamento dun dos proxectos máis importantes que estaba imputado dentro do proxecto Arume, que é o da Casa da Cultura, co cal todos naquel momento estaban de acordo e ninguén puxo ningún problema. A ausencia dunha das vías de financiamento de apoio para a construción da Casa da Cultura, que comentou antes, fixo necesario buscar financiamento para que o proxecto poida ser aprobado e, posteriormente, poder iniciar a contratación da execución da obra. Había que buscar un financiamento e, como no saco non colle todo, houbo que escoller que proxectos eran os prioritarios, cales eran os fundamentais para poder financiar co diñeiro dispoñible do Arume, por iso se tomou esta decisión con respecto ao plan Arume, que é modificar o cronograma e modificar as propostas de obras.

Continúa dicindo que en concreto son dúas as que traen a este pleno para posteriormente comunicar ao ministerio a súa eliminación e a maior dotación de diñeiro noutras delas. Vanse meter 500.000 euros máis na Casa da Cultura, vanse meter 47.000 euros máis na pista de patinaxe que se vai facer diante do campo de fútbol, que está a punto de comezar tamén a súa licitación, e vanse meter algo máis de 50.000 euros no proxecto de rexeneración do campo da feira.

Parécelles que son obras importantes, equipamentos sostibles, e que ademais dependen do propio concello, máis algunha autorización sectorial, para levalos adiante, e consideran que dentro de todo o abano de proxectos e programas que había dentro do programa Arume, estes eran os fundamentais, dende logo o da Casa da Cultura e o do campo da feira así lles parece. Polo demais todo o resto dos proxectos que estaban contemplados están encamiñados, é certo que algún cun certo atraso sobre os cronogramas inicialmente previstos, pero, en todo caso, están en execución ou en tramitación a súa execución, é dicir, que niso non hai problema de ningún tipo.

Segue a dicir que, polo tanto, pensan que é unha cuestión de responsabilidade e, de novo, o pleno é o competente para aprobar esta proposta. Posto que foi quen aprobou e quen modificou unha vez o programa Arume, agora é tamén o competente para aprobar unha reprogramación tanto dos prazos como dos fondos, como paso necesario para mandarlle ao organismo xestor do ministerio en Madrid a autorización, despois da aprobación polo pleno. En todo caso, o pleno efectivamente pode rexeitalo, pode decidir seguir adiante cun proxecto que é inviable, que xa era inviable naquel momento, e que así se constatou despois de pagar un estudo de alternativas para esa senda. Constataron que era inviable tecnicamente e que era inviable, entre outras cousas, porque non son terreos de titularidade municipal onde se proxectaba.

Di que poden manterse nesas e perderán ese diñeiro e probablemente algún máis, ou poden adoptar unha decisión responsable que é dicir vamos a quedarnos co que é posible facer, co que temos xa na nosa man, aprobemos estes proxectos, aprobemos a reasignación de fondos e iniciemos dunha vez a execución do que queda pendente.

É evidente que proxectos como o da Casa da Cultura, como todo o proceso que se vai facer de rexeneración no campo da feira, non vai ser este goberno quen os inaugure, van ser os gobernos que veñan despois. En todo caso, el cre que non está mal deixar polo menos unha parte dos deberes feitos, para que haxa un bo comezo de lexislatura e para que o alcalde e o goberno que saia das próximas eleccións, polo menos teña os instrumentos xa preparados para unha boa xestión e unha pracenteira travesía nos vindeiros catro anos.

Conclúe dicindo que iso é o que lles propoñen, que é un bo instrumento, necesario, e apelan á responsabilidade de todo o mundo. Pódese rexeitar, pero que o que se rexeita non é unha proposta do goberno de Cambre, o que se vai rexeitar é a execución de obras que son importantísimas e nas que supostamente, como alguén xa comentou aquí,

estaban completamente de acordo e a prol delas, e diso fan gala. O equipo de goberno é o que propón, é a súa responsabilidade, e agora a responsabilidade do pleno é tomar a decisión que estime máis conveniente.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez manifesta que ao mellor a responsabilidade que tantas veces mencionou o Sr. Iglesias na súa intervención, era invertir a orde destes dous puntos, primeiro traer ao pleno o punto para conseguir o financiamento e logo aprobar o proxecto, pola contra, o equipo de goberno, na súa forma de facer as cousas, primeiro aproba o proxecto, porque foron eles, non o pleno, aprobouno o equipo de goberno nada máis, claro que no pleno, pero co seu voto a prol nada máis. Di que esa é a súa forma de facer as cousas, unha vez metidos no berenxenal, entón é unha falta de responsabilidade da oposición. Di que non é así, que a falta de responsabilidade é do equipo de goberno, e repite que van 20 anos de promesas e, agora, cinco meses antes, veñen a traer isto aquí.

Con respecto ao que dixo o concelleiro de que xa hai tres anos tiña dúbidas coas obras do río, efectivamente, ao final conseguíuno, pactou co PSOE, hoxe goberna, e vai facer o que lle parecía ben hai tres anos, que é non facer o do río, facer outra cousa. Pero que non diga que o fai por responsabilidade, porque se pode entender que falta responsabilidade dos demais, e iso dende logo que non.

Conclúe dicindo que agora xa lles falta pouco, que non van aprender, pero que en todo caso non é forma de facer os traballos.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que se dixo aquí que cando fora o tema da Casa da Cultura ninguén puxera ningún tipo de impedimento e, efectivamente, ninguén puxo ningún tipo de impedimento, pero si que había serias dúbidas. Di que EU-IU no pleno do 2007 xa lle pediu ao Sr. alcalde que convocara a comisión informativa correspondente para tratar de, ao mellor, recuperar o anterior proxecto ou talvez buscar sitios alternativos, incluso faláron dalgún deles, que ao mellor non eran viables, pero podían terse sentado a falar. El díxolles naquel pleno que ao mellor nas inmediacións do centro de saúde poderían conseguirse, e di poderían, pero que polo menos había que intentalo, conseguir algúns terreos para que fose para alí a Casa da Cultura, parecíalle un sitio bastante aceptable. Di que non se tivo en conta, pero que si había suspicacias e dúbidas sobre o lugar de construción da Casa da Cultura de Cambre.

Conclúe dicindo que, por outra parte, o seu grupo non vai apoiar unha mala xestión, nin facer o traballo que por responsabilidade lle corresponde aos que están gobernando.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez manifesta que el non permite que o goberno municipal o tache de irresponsable pola forma que teña de votar nun proxecto ou nun punto que traen á orde do día. Non lle parece coherente que o traten de irresponsable por votar a prol ou en contra. Di que cando o goberno municipal trouxo o proxecto do plan Arume, dálle igual quen estaba ou non no goberno municipal, o

alcalde si estaba, trouxeron o proxecto e todos os informes que viñan eran de que esas obras eran absolutamente necesarias e eran prioritarias e non sabe cantas cousas máis. Agora, polo que sexa, díselles que son prioritarias outras e que nesas hai problemas porque a titularidade é de non sabe quen, ou de non sabe quen máis. Di que antes xa eran así, e que antes non poñía nada diso, que fan os informes e os decoran da maneira que lles interesa, loxicamente.

Segue dicindo que, dende logo, el non é responsable de que o goberno municipal ande cambiando cada dous por tres segundo sexa a idea. Segundo se levantan pola mañá e lles aparece unha idea, así fan, propoñen un tema, que é o que se está vendo ultimamente con todo. É dicir, hoxe é así, mañá é doutra maneira, iso van levalo para aquí e aquilo para outro lado, iso non era necesario, antes si agora non, etc.

Sinala que, dende logo, iso non é forma de gobernar nun concello, e tampouco é el ninguén para programarlle á próxima corporación que veña dentro de cinco ou seis meses o que teñen que facer logo durante a súa lexislatura. Di que xa o programarán eles. Pensa que bastante máis conveniente lle sería ao equipo de goberno actual programar o que eles teñen que facer, e programar o seu mandato, esta lexislatura que, polo que se ve, e polo que se viu no transcurso de toda ela, deixa bastante que desexar.

Conclúe dicindo que os responsables do que pasa aquí son os membros do equipo de goberno, non é a oposición. Son eles os que están gobernando e os que cando fixeron aquel pacto de gobernabilidade viñan aquí a salvar á corporación que había en minoría, viñan de salvadores, volveron quedar en minoría pero seguen a estar aí, así que lles pide que non veñan aquí botándolle o morto á oposición. Eles foron os que viñeron de salvadores e non poden vir dicíndolles agora que son os demais os que provocan situacións ás que non hai dereito. Pídelles que gobernen con sentido común e que non lles pasará iso.

Concedida a palabra a dona M^a Beatriz Ramos Padín manifesta que para ela, igual que dixeron o resto dos seus compañeiros da oposición, os irresponsables son os membros do actual equipo de goberno, por deixar todo para última hora. Di que, se non lembra mal, en prensa saíu que na actuación do campo da feira, como estaban tan xustos, non se chegaba para contratar da maneira que se tiña que contratar, e pedían a colaboración dos demais grupos para que dixeran 3 ou 4 empresas, e entre elas elixir unha, e así todo, na pista de skate igual.

Tamén lembra que na actuación do río Mero a idea era rozar as marxes e a senda que está actualmente, pero que onde había máis actuación era nas zonas urbanas. A ela gustaríalle que lle facilitasen ese estudo do que falan para ver onde están os verdadeiros puntos negros que di o Sr. Iglesias.

Conclúe dicindo que o seu voto vai ser en contra.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo manifesta que non hai ningún problema en facilitarlle ese estudo á Sra. concelleira, que non foi el quen o encargou, senón que o encargou ela, o equipo do que formaba parte.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín sinala que precisamente por iso quere que lle ensinen onde había esa dificultade, e que non era precisamente na zona do río Mero, porque se seguía mantendo e ía utilizarse o que está actualmente, evidentemente cunha roza, que como xa pagou o concello dúas veces, non sabe porque non se fixo esta terceira vez.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo responde que estáballe a dicir á Sra. concelleira que ese estudo non o encargou este goberno do que o BNG forma parte, senón o goberno do cal a Sra. Ramos formaba parte, e poderá ver que as conclusións do estudo denotan a inviabilidade e barbaridade total que se pretendía con esa historia. Dille que ten razón, que a maior parte das actuacións que se programaban non eran precisamente na senda, era nas zonas urbanas con idea de facilitar ou de crear uns carrís de comunicación en bicicleta entre as diferentes zonas urbanas aproveitando o trazado do río Mero.

Di que ese estudo, que era o que despois terían que converter en proxecto para executar a obra, propoñía cousas tan curiosas como eliminar en varias rúas do Graxal, varias rúas tamén do Temple, da dereita da Tapia, varias rúas da Barcala, os aparcadoiros dun lado, para poder habilitar os carrís bici.

Di que el non sabe se é necesario explicar as consecuencias que na situación actual podería ter unha actuación desas características, eliminar aparcamento no Graxal, na Barcala, e na parte dereita do Temple para habilitar carrís bici. Esas eran as conclusións do estudo e niso ía unha gran parte dun diñeiro que estimaban en máis de 700.000 euros como custo de actuación. Pregunta se a alguén lle parece que iso é viable, que iso é prioritario e que iso é absolutamente necesario neste momento no Concello de Cambre, porque entón o próximo goberno, se cadra, poderá rescatar ese estudo que está aí, que se pagou e que non serve para nada, e executalo no seu momento. Di que ten o razón o Sr. Marante, para que lles van deixar os deberes feitos, que os recollan, e que leven adiante o estudo.

Continúa dicindo que o do río Mero ten outros problemas. A senda segue igual, quen ten que manter a senda non é o Concello de Cambre, quen ten que manter a senda é a Xunta de Galicia a través do organismo xestor Augas de Galicia, que son os titulares e os competentes, e aos cales lles levan reclamando moitísimo tempo, supón que co apoio de todo o mundo, no concello, que cumpran coa súa obrigaición. Di que están incluso dispostos a chegar a un convenio e a facerse o concello cargo de algo, por ser os usuarios máis directos, os que máis se benefician, pero pide que poñan algo da súa parte, xa sexa na reparación de varandas, na reparación de firmes, na roza, etc., en moitas cousas.

Expón que así é como está o asunto, e dille ao Sr. Marante, e a todo o mundo, que eles cumpren coa súa obriga, que é traer o que hai que traer ao pleno, presentalo, e aquí está, son as propostas de execución das cousas, a aprobación do proxecto da Casa da Cultura, a reprogramación do Arume para que se aumente o financiamento do proxecto da Casa da Cultura e a algún dos outros. Agora é responsabilidade do pleno tomar a decisión, o pleno é quen resolve, o goberno cumpre co seu, trae as propostas aquí. Poden dicirlles que lles gustaría que viñeran hai un mes ou dous, a eles tamén, pero en todo caso están aquí. A obriga dos concelleiros agora é votar, absterse, votar que si ou votar que non. Se o proxecto que presentan aquí ten máis votos favorables que negativos sairá aprobado e continuarán coa súa xestión, se sae rexeitado van perder un montón de diñeiro. Di que un dos piares de financiamento da Casa da Cultura vai quedar coxo e non se vai poder executar, seguramente. O proxecto de rexeneración urbana do campo da feira seguramente haberá que paralo e vaise perder ese diñeiro. O proxecto da pista de skate, no que están a punto de iniciar a licitación, probablemente non se poida iniciar. Proxectos que están tamén preparándose para iniciar, o plan de humanización do Graxal que afecta á zona do parque infantil do paseo marítimo e que afecta á zona da Travesía da Igrexa, á zona de Parroco Manuel Cobas e Celso Emilio Ferreiro, non se poderán facer. Pero en todo caso, cada quen, evidentemente, ten a súa responsabilidade. Di que a súa é traelo aquí, e van votar a prol, a dos demais, alá eles. Eles que cumpran coa súa responsabilidade, o equipo de goberno cumpriu coa súa, que é traer aquí as cousas, presentalas, cos seus informes, para tramitar todo, agora que cada quen asuma as consecuencias dos feitos.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez manifesta que lle quere dicir unha cousa ao Sr. Iglesias. O proxecto da Casa da Cultura xa se modificou varias veces, agora de feito redúcese en 600 m² do que estaba previsto hai algúns meses, que por certo aprobou o actual equipo de goberno cos orzamentos, sen contar co resto. Redúcese e por tanto modifícase o proxecto, por iso el pregunta que se poden modificar o proxecto da Casa da Cultura en varias ocasións, por que non se pode modificar o das sendas do río Mero ou da mellora do río Mero, pregunta se é imposible melloralo, se é imposible modificalo. Pregunta se só se modifican os que o Sr. Iglesias considera oportuno.

Di que esta é a forma habitual de facer as cousas aquí, fan o que queren.

E con respecto as sendas, dille ao Sr. Iglesias que hai que coidalas e que hai que molestarse, e hai que falar con Augas de Galicia, claro que si. El quedou asombrado cando viñeron ao concello representantes de Augas de Galicia e lles dixeron en que situación estaba isto. El preguntou se o Concello de Cambre algunha vez fixera unha proposta cando estaba o proxecto en fase de desenvolvemento, e a resposta deles foi non, o Concello de Cambre non propuxo nada. Di que iso é triste e lamentable. Pregunta se non importa. Di que é a forma de facer as cousas aquí e o Sr. concelleiro pode dicir o que queira, pode ter agora unha intervención de 10 minutos, pode desviar a atención noutros puntos como fai por costume, pero a realidade é esta.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que se falou aquí en plan xenérico das actuacións que non se van poder executar. Di que no tema do campo da feira cre que a habilitación rolda en 50.000 euros para complementar algunhas obras, e el cre que eses 50.000 euros se poden sacar de moitísimas cousas neste concello, de moitas cousas. Non se pode dicir que por 50.000 euros quede sen executar a remodelación da praza urbana do concello. Falan de 50.000 euros, pero podían ser 100 e 200.000, o que se quixera, porque ese proxecto era moi ambicioso. El di que 50.000 euros se poden sacar de moitísimos sitios, e o equipo de goberno sabe perfectamente de onde.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez manifesta que está de acordo en que o goberno ten que traer aquí os proxectos, e aquí a corporación aprobaraos ou non o fará, pero o que non poden é responsabilizar á oposición do que fan eles. Eles son os que traen as cousas cada día dunha maneira. El lembra que na Casa da Cultura, xa hai bastantes anos, en anteriores corporacións, algúns dos seus membros foron a Madrid, ao Ministerio de Cultura, e volveron para Cambre dicindo que nos daban 800.000 euros ou unha cousa así, non se lembra exactamente das cantidades, foi hai bastantes anos. Agora eses cartos desapareceron, non sabe para onde foron, pero se perderon, e agora din que se perden estes por non sabe que outros temas, que non se vai arranxar non sei que rúa ou que outra. Di que iso é programación do equipo de goberno, que foi o equipo de goberno quen o presentou antes e teñen que ser consecuentes co que presentaron, se traía que eliminaban aparcadoiros, foi xente deste actual goberno os que estaban aí, os que o estaban propoñendo. Pide que agora non lle boten a culpa á oposición dicindo que se fan iso se eliminan aparcadoiros, iso tiñan que telo pensado cando o presentaron, e presentar as cousas como hai que facelo, con seriedade, con rigor e como mínimo coa seguridade de poderse fiar que cando lles presentan algo, ese algo se vai a facer, pode sufrir algunha modificación, pero fiarse de que se vai facer. Pero di que co equipo de goberno iso non é así, non se poden fiar de nada, porque cada día cambian, teñen unha obra nun lado e a cambian para outro, están continuamente mentindo, enganando aos outros grupos e aos veciños, e aínda pretenden agora botarlles aos veciños enriba dicindo que é culpa deles se non se fai unha cousa ou outra. Pídelles que sexan coherentes.

Toma a palabra o Sr. alcalde para manifestar que lle gustaría clarificar dous temas. Di que non comparte o que dixo o Sr. Cubeiro sobre que non se estivo en Augas de Galicia, iso é mentira. Do concello estiveron alí e de Augas estiveron aquí, xunto coa Confederación e o enxeñeiro municipal, e hai datas desas reunións.

Por outra parte, con independencia de todos os problemas e todos os defectos que puideron ter neste proxecto, el cre que se debe ser un pouco cautos, porque estanse xogando 800.000 euros que se van perder da Deputación e outros que teñen no proxecto Arume para a Casa da Cultura, e non vai dar tempo a facer outro tema. Tamén é verdade, aínda que algúen dirá que non, que en abril e antes, estiveron na Xunta co director xeral, e lles tiña prometido unha cantidade parecida á da Deputación, é verdade que en abril lles dixeron que non había diñeiro, pero que intentarían en dúas ou tres

anualidades, nos orzamentos que agora se aprobaron, metelos. Non o fixeron, e por iso agora o concello ten que reducir ese proxecto que era de 4 millóns a 3 millóns, para ver como se pode chegar a el, porque cando non hai, hai que estirar.

Conclúe dicindo que houbo erros, pero que está claro que neste momento van perder 1.600.000 euros, tentarán ver como poder salvarlos, pero vai ser difícil.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo manifesta que non lle gusta intervir despois do Sr. alcalde, pero que lle gustaría dicir que o que se proxecta aquí, o que se propón ao pleno, é unha reprogramación de prazos e unha reasignación de fondos, imprescindible que pase pola aprobación plenaria para que logo lle dean o visto e praxe no ministerio e poder executalo. Simplemente é iso, non é un problema de sacar 50.000 euros, porque 50.000 euros se poden sacar de moitos sitios, pero é que non son 50.000 euros, senón que están a falar dun programa completo, de xestión dun proxecto de cerca de 4 millóns de euros. Di que iso é o que se están xogando e que iso se trae en prazo e en tempo para poder ser aprobado polo órgano que ten a competencia en aprobalo, iso é o que se están xogando, non son 50.000 euros ou 30.000 máis, arriba ou abaixo, nun proxecto. O que traen aquí é unha proposta de reprogramación de prazos porque, efectivamente, algúns dos que estaban inicialmente, teoricamente previstos, se incumpriron, xa se modificaron unha vez e faise unha proposta de modificación de novo, para poder levala ao ministerio que é o que lle ten que dar o visto e praxe para que poidan executar estas cousas, e ademais terían que facelo inmediatamente. A continuación faise unha reasignación de fondos en función do que antes explicou, esa é a responsabilidade do pleno, soberana, e cada quen ten perfecta liberdade para votar unha cuestión ou outra, agora ben, que todos saiban cales son as consecuencias de que cousas non se aproben e outras cousas se aproben.

Conclúe dicindo que iso é o que van votar hoxe, e que se iso non sae aprobado hoxe, loxicamente o proxecto de reprogramación non se pode enviar para dar o visto e praxe e van perder o programa Arume completo, non 50.000 euros dun proxecto determinado ou simplemente a Casa da Cultura. Iso é o que teñen en xogo.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros do PSdeG-PSOE e os catro concelleiros do BNG, e votan en contra os sete concelleiros do PP, os dous concelleiros de EU-IU, o concelleiro do GM (PG) e a concelleira non adscrita.

A corporación, por once votos en contra, rexeitou a proposta de modificación do cronograma, supresión de actuacións e distribución orzamentaria entre actuacións do proxecto Arume.

6º Proposta para indemnizar ao exconcelleiro delegado de Urbanismo, Facenda e Réxime Interior e ao alcalde, polos gastos xurídicos nos que incorreron no exercicio dos seus cargos durante a pasada lexislatura

Antes de tratar o tema, concédese a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, quen manifesta que por unha cuestión de orde, e en previsión de que o posible

acordo adoptado neste pleno poida orixinar posteriormente a súa anulación, solicita da Sra. secretaria lles informe respecto de se concorre algún motivo de abstención por parte dalgún membro presente na corporación, como é o caso do Sr. alcalde, xa que se vai tratar un tema directamente relacionado con el. Pregunta isto porque pode ser motivo de suspensión do acordo que hoxe se tome aquí, e por iso pide á Sra. secretaria que lle informe respecto deste tema.

A secretaria da corporación manifesta que no art. 21 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e no Regulamento orgánico municipal que está copiado literalmente se establece que os membros das corporacións locais deberán absterse de participar nas deliberacións, votacións, decisións e execucións de aqueles asuntos nos que puideran incorrer nas causas ás que se refire a lexislación de procedemento administrativo e a lei de contratos. A este respecto o art. 28 da Lei 30/1992 é a que establece os motivos de abstención, entre eles está ter un interese persoal no asunto, ter amizade íntima ou enemistade manifesta,....

Engade que no suposto actual estarían falando do Sr. alcalde, e que no art. 47 do ROF tamén se establece que se durante unha sesión o Sr. alcalde tivera que absterse por algún asunto que fora do seu interese, tería que ausentarse do salón de sesións e asumiría a presidencia da sesión automaticamente o primeiro tenente de alcalde.

O problema que pode haber é determinar que se pode entender por interese persoal. É unha cuestión que non é pacífica, non hai un criterio concreto, hai que ir a cada caso e ás circunstancias de cada caso. Neste sentido, xurisprudencialmente, en canto a interese persoal vense dicindo que é cando a actuación administrativa lle pode reportar calquera clase de beneficio ou vantaxe persoal ao interesado. Se non queda probado ese interese, que ten que ser propio, particular e directo, entón prima o dereito fundamental de participación política.

Hai que ir a cada caso concreto, hai sentenzas de todo tipo. A maior parte das sentenzas que hai relacionadas coa abstención dos cargos públicos refírense á aprobación dos instrumentos de planeamento de carácter xeral onde, efectivamente, cando se aproba un plan xeral, un instrumento de planeamento, normalmente están afectados e teñen interese todos os veciños e, loxicamente, os propios concelleiros que están aprobando ese planeamento e, por esa regra de tres, un planeamento non sairía nunca adiante. Neses casos fálase do que é interese institucional, interese cívico xeral.

O mesmo caso poderían considerar que se dá cando se aproba o orzamento. Cando se aproba o orzamento municipal nel estase aprobando unha serie de retribucións, dedicacións exclusivas, dedicacións parciais, indemnizacións, que están percibindo os señores concelleiros, e que todo o mundo vota. Esa sería a definición de interese institucional.

O mesmo pasaría cando se trae ao pleno da corporación, unha vez constituída, a proposta de Alcaldía onde se establecen os cargos a desempeñar en réxime de

dedicación exclusiva, en réxime de dedicación parcial, e votan todos, incluídos os que van ter esas dedicacións. O mesmo pasa coas asignacións aos grupos municipais. Cando se aproban esas asignacións, e seguindo o mesmo criterio, tamén habería un interese directo, de cada membro da corporación que forma parte dese grupo. Por todo isto, non cabe sinalar unha regra xenérica a priori, hai que ir a cada caso concreto, e aí resolverá, no seu caso, o tribunal.

Di que para ela este suposto podería asimilarse á aprobación dos instrumentos de carácter xeral, á aprobación do orzamento que votan todos os concelleiros, ás asignacións dos grupos políticos que tamén vota todo o mundo, e que se non fose así non se poderían aprobar. Di que sería asimilable, pero que habería que ver cada caso concreto e a ela non lle corresponde determinar neste caso concreto, porque podería ser ou non, hai opinións nos dous sentidos e, por tanto, se hai unha posible impugnación haberá que ir ao que determine o correspondente tribunal. Non obstante, o que si está claro é que o que dixo antes de que para que houbo un interese persoal a actuación administrativa tería que reportar calquera clase de beneficio ou vantaxe persoal, aquí non se dá, non hai unha vantaxe persoal para os afectados, en canto son unhas indemnizacións que non van entrar no seu patrimonio, son para pagar uns gastos efectivos en que incorreron no exercicio do seu cargo.

Conclúe dicindo que o informe de Secretaría e Intervención ao respecto xa estaba no expediente que se trouxo no seu día a pleno, con base a unhas sentenzas do Tribunal Supremo nas que se establecían os criterios que se deberían ter en conta para considerar indemnizables eses gastos. Agora, de forma taxativa en canto a se isto é motivo de abstención do Sr. alcalde, é unha cuestión que é interpretable e na que hai que ir a cada caso concreto.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que, efectivamente, hai algúns dos temas que a Sra. secretaria acaba de mencionar que el tamén estivo vendo, como é o caso do planeamento, dedicacións exclusivas dos membros da corporación local, e hai algunha sentenza en contra. O que quere dicir é que corren o risco de que o que se poida aprobar aquí, dentro duns días sexa nulo. Di que el aquí pode apelar á ética moral á cal fai mención a xurisprudencia, e que sexa o Sr. alcalde quen decida ausentarse ou seguir no pleno.

A continuación, vista a proposta do concelleiro delegado da área de Economía, Facenda, Educación e Deportes de data 23 de decembro de 2010, que se transcribe literalmente a continuación:

“Con data do día 24 de xaneiro de 2008 don Andrés R. López Arcay, concelleiro de Urbanismo, Facenda e Réxime Interior da anterior Corporación, presentou un escrito no que solicitaba unha indemnización de 17.400 euros polos gastos xurídicos nos que tivo que incorrer no exercicio do seu cargo para a súa defensa nas dilixencias previas do procedemento abreviado número 3091/06 por un suposto delicto urbanístico e contra o Medio Ambiente.

O Pleno da Corporación, en sesión ordinaria de data 21 de decembro de 2009, con carácter supletorio da correspondente ao día 31 de decembro de 2009, acordou solicitar ao Colexio de Avogados unha valoración do servizo para novo estudo do asunto.

Con data do día 4 de febreiro de 2010, recibíuse o escrito do ilustro Colexio Provincial de Avogados da Coruña, no que fai constar que, para iniciar o trámite interesado, cómpre o sometemento expreso de ambas partes (Concello e Avogado), ao ditame de mediación colexial en materia de honorarios.

Notificado ao interesado, don Andrés R. López Arcay presenta escrito rexistrado de entrada ao número 18.456 de data 20 de decembro do ano que andamos, no que, á vista da comunicación precedente do Colexio de Avogados, manifesta que as partes interesadas son el mesmo (non o Concello), e o avogado, e que o avogado don Jacinto Jimeno non está disposto a someterse ao ditame colexial por canto a outra parte, como cliente, está conforme coa minuta presentada, polo que solicita a indemnización dos gastos por importe de 17.400 euros.

En data 23 de decembro actual, don Antonio Varela Saavedra, en calidade de Alcalde do Concello de Cambre durante a anterior lexislatura, presenta escrito facendo constar que habendo sido denunciado ao igual que don Andrés R. López Arcay por un suposto delito de prevaricación omisiva dos artigos 329 y/o 404 do Código Penal por conducta tolerante, xunta auto nº 370 da Audiencia Provincial no que se desestima o recurso de apelación formulado contra os autos do Xulgado de Instrucción nº 3 de A Coruña de 21 de setembro de 2006 e 13 de marzo de 2007 que decretaron o sobreseimento provisional da causa 3091/06 e confirma as resolucións, e presenta factura do Estudio de Abogados “Gimeno Estudio Iuris”, por importe de 17.400 euros correspondente á minuta de honorarios e solicita o abono de ditos gastos en concepto de indemnización de conformidade co establecido nos artigos 75.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local, 13.5 do Real Decreto 2568/1986, de 17 de novembro, de Organización e Funcionamento das Entidades Locais e 21.1 do Regulamento Orgánico Municipal, por considerar que se cumpre coas esixencias a que fai referencia a Sentenza do Tribunal Supremo de 4 de febreiro de 2002 e que foi tida en conta por outros Tribunais como o Tribunal Superior de Xustiza de Madrid na sentenza de 27 de maio de 2008.

Tendo en conta que a solicitude formulada por don Antonio Varela Saavedra plantexa o mesmo suposto de gastos efectivos ocasionados no exercicio do seu cargo.

Tendo en conta que xa foi emitido informe pola Intervención e Secretaría municipais na data 17 de decembro de 2009 no que se fai constar que sendo a responsabilidade penal de carácter personalísimo e intransferible, predicable exclusivamente respecto de persoas físicas, en principio, non habería motivo para que unha persoa xurídica, neste caso o Concello de Cambre, asumira os gastos nunha defensa allea e que no suposto plantexado por don Andrés R. López Arcay cúmplense cos requisitos fixados pola sentenza do Tribunal Supremo de 4 de febreiro de 2002 para que unha corporación local

poida considerar os gastos de representación e defensa dos seus membros nun proceso penal como indemnizables a título de gastos ocasionados no exercizo do seu cargo.

Considerando que os mesmos criterios tiveronse en conta polo Tribunal Superior de Xustiza de Madrid na sentenza de 27 de maio de 2008.

Considerando que os gastos ocasionados reúnen, pois, a consideración de indemnización ós efectos establecidos nos artigos 75.4 da Lei 7/1985, 13.5 do Real Decreto 2568/1986 e 21.1 do Regulamento orgánico municipal por canto son efectivos e foron ocasionados no exercicio dos seus respectivos cargos e de non ser aboados producirían indefensión nos interesados.

Tendo en conta que existe crédito na partida “2010/912/22604 gastos xurídicos órganos de goberno” do actual presuposto 2010 para atender ámbalas dúas solicitudes de indemnización.

A medio do presente formulo ao Pleno a seguinte proposta de acordo a adoptar:

Indemnizar a don Andrés R. López Arcay, ex concelleiro delegado de Urbanismo, Facenda e Réxime Interior, así como a don Antonio Varela Saavedra, en calidade de Alcalde do Concello de Cambre durante a pasada legislatura, os gastos xurídicos nos que incurriron no exercizo dos seus cargos, para a súa defensa nas dilixencias previas procedemento abreviado nº 3091/06 por un suposto delito urbanístico e contra o medio ambiente, por importe total cada un de 17.400 euros, previa xustificación documental do pagamento das minutas de honorarios.”

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Educación, Deportes, Promoción Económica e Emprego de data 28 de decembro de 2010.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, concelleiro do PP, manifesta que o ano pasado este tema quedou enriba da mesa precisamente para conseguir o informe que obra agora no expediente, que era un informe do Colexio de Avogados, o que sucede é que ese informe ven un pouco nun sentido contrario ao que se formulara. Foi o grupo municipal do PP o que propuxo que, á vista da elevada contía das facturas que presentaba o despacho de avogados, se solicitase un informe ao Colexio de Avogados da Coruña, que é o que teñen máis próximo, para que valorara aproximadamente o custo deses servizos, pero o que se solicitou non foi a elaboración dun informe, senón a súa actuación como árbitro ou mediador. O caso é que a consecuencia ven ser similar, este despacho de avogados, segundo consta tamén no escrito que presenta o exconcelleiro de Urbanismo, négase a someterse ao informe do Colexio de Avogados da Coruña. Ao PP segue a parecerlle excesivo o custo dos servizos que se prestaron, hai que lembrar que foi un procedemento xudicial no que nin sequera houbo xuízo, non chegou a haber xuízo e, polo tanto, pagar preto de 35.000 euros pola intervención nun procedemento no que non houbo xuízo, parécelles esaxerado.

Conclúe dicindo que, por todo isto, o voto do grupo municipal do PP vai ser en contra.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, vocerío de EU-IU, explica que o seu grupo xa ten manifestado con anterioridade, cando se tocou este tema en comisión, que botaba en falta un informe do xefe da área xurídica de Urbanismo, xa que ao ser un tema de urbanismo eles consideraban que debía haber un informe por parte desta persoa, ou ben, a solicitude dun informe aos servizos de asesoramento xurídico que presta a Deputación, e fala dun informe, non da defensa, porque a defensa parece ser que non pode levarse a cabo.

Por outra parte, di que tamén consideran o dereito á defensa que teñen os membros da corporación, no exercicio da súa función, pero o que non poden avaliar é a decisión de dúas persoas que, unilateralmente, deciden ir a un despacho de avogados de Barcelona, gastarse uns 17.400 euros cada un, en total case 6 millóns de pesetas, cando ao mellor había outro tipo de servizos xurídicos bastante máis cerca.

Di que esta decisión, que eles saiban, non foi aprobada anteriormente, nin por ningunha comisión de goberno, nin polo pleno, e sen ningún informe que avaliara esta decisión, pero o que poñen en tea de xuízo son as formas e as contías do gasto, e por iso, e porque estes feitos transcorreron sen a presenza de EU-IU na corporación, o seu grupo vai votar en contra.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), manifesta que como xa dixo naquel pasado pleno no que se acordou pedir un informe ao Colexio de Avogados da Coruña, el está de acordo en que, efectivamente, a defensa xurídica dos membros da corporación hai que costeala, pero en condicións aceptables, é dicir, que un procedemento que nun bufete de avogados da zona ao mellor podía ir a 2 ou 4 mil euros, non máis, e iso botando un pouco por enriba, vaia a practicamente 35.000, parécelle esaxerado. Polo tanto, o seu voto tamén vai ser en contra de que se paguen esas indemnizacións tan avultadas sabendo que hai bufetes de avogados tamén aquí sen ter que ir a Barcelona, porque non é só os 34.800 euros, tamén son as axudas de custo dos concelleiros, etc. Agora tráese isto aquí, pero o resto xa está cobrado.

Conclúe dicindo que a el lle parece que hai formas de facer as cousas, pero quen queira luxos, que os pague. O seu voto vai ser en contra.

Concedida a palabra a dona M^a Beatriz Ramos Padín, concelleira non adscrita, manifesta que a negativa a someter á valoración do Colexio de Avogados o importe da factura, que podería ser a metade ou a cuarta parte, estalles negando a posibilidade de coñecer o importe correcto, e ela non vai dar o seu voto a prol e ser cómplice na entrega de diñeiro público de forma inxustificada. Polo tanto, o seu voto vai ser en contra.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, manifesta que ao seu grupo tamén lle parecen unhas minutas de avogado moi elevadas. Di que non saben, el dende logo non o sabe, se era mellor buscar un avogado de

Cambre, da comarca da Coruña, da provincia ou galego. En todo caso, o que si é evidente, cre que polo menos ninguén se atreve a dicir o contrario, é que ante unha imputación legal de dous cargos deste concello, neste caso naquel momento foron o alcalde e o concelleiro de Urbanismo, ninguén nega o dereito de defensa. Ademais, segundo di a lei, a defensa teñen que levala pola súa conta e despois, no caso de saír absoltos, de non haber ningún tipo de imputación, de condena, poden pedirlle a liquidación ou a indemnización deses gastos ao pleno da corporación, que é o competente para decidilo.

Sinala que ao Colexio de Avogados se lle preguntou, como nun pleno ou comisión informativa se pediu por parte do PP, e contestáronlles ao que preguntaron. O que lles din é que non hai tarifas, ou sexa, que non está establecido un modelo ou unhas cantidades para os procedementos, que os prezos son libres e que, en todo caso, eles o que actúan é a través da súa comisión de arbitrase, como figura no informe que está no expediente, se as partes, cliente e avogado, discrepan nas cantidades que un lle quere cobrar a outro. Se se someten a esa arbitrase, fan un ditame, e din cal é a cantidade xusta, pero ese non é o caso, o prezo aceptouse por parte dos que foron clientes, e por parte de quen emitiu a factura dise que é iso o que ten que haber, e o Colexio de Avogados non di outra cousa. Evidentemente é moito, parece moito, pero, en todo caso, el non di nada, porque diante dunha imputación penal, que ademais cre que foi recorrida, foi en 1ª instancia e logo chegou a 2ª instancia, ante iso cre que calquera ten dereito a defenderse, sobre todo cando era por un tema de actuación dentro da súa responsabilidade como concelleiros.

Conclúe dicindo que van votar a prol, parecéndolles, é certo, como a todo o mundo, que as minutas que pasan os avogados son excesivas, pero, en todo caso, o dereito de defensa parécelle que é ineludible, e que deben respaldalo. Agardan que no futuro, se se produce algún caso así, os concelleiros e concelleiras que están nesta sala e van votar en contra, modifiquen o seu criterio, non vaia ser que lles toque a eles nese momento e por incoherencia poidan ter algún problema. El dende logo cre que é xusto que cando se exerce un cargo público e te acusan, teñas que defenderte, e se non se é culpable e saes absolto, que a corporación que presides ou a institución na que estás, que colabore contigo en sufragar un gastos que se orixinaron por exercer o teu labor.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre manifesta que, soamente por matizar, e rompendo unha lanza a prol do Sr. alcalde, o PP non está negando en ningún momento que o Sr. alcalde teña dereito a unha indemnización, de feito o criterio do seu grupo, a priori, sobre a posibilidade da abstención, de solicitarlle ao Sr. alcalde ou que el mesmo considere que se debe abster, é un pouco dubitativa, porque é para o pago dunha indemnización, ou sexa, para reparar un dano que se lle ten provocado por un veciño que decidiu no seu momento presentar unha denuncia, da que felizmente saiu absolto. A eles o que lles parece é que eses gastos que solicita ese despacho de avogados, son excesivos. O PP, evidentemente, reconece o dereito á defensa a todos os veciños de Cambre e aos membros da corporación, pero unha cousa é o seu dereito á defensa e outra cousa permitirse luxos, e pretender que eses luxos os pague a

corporación. Niso é no que eles non están de acordo, e non van apoiar o pago dunhas facturas que lles parecen sumamente excesivas.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros do PSdeG-PSOE e os catro concelleiros do BNG, e votan en contra os sete concelleiros do PP, os dous concelleiros de EU-IU, o concelleiro do GM (PG) e a concelleira non adscrita.

A corporación, por once votos en contra, rexeitou a proposta para indemnizar ao exconcelleiro delegado de Urbanismo, Facenda e Réxime Interior e ao alcalde, polos gastos xurídicos nos que incorreron no exercicio dos seus cargos durante a pasada lexislatura.

Sendo as 21:30 horas auséntase da sesión, con permiso, dona Erundina Prado Arcay, do PSdeG-PSOE. Así mesmo, auséntase da sesión don Felipe Andreu Barallobre, do PP, quen desexa unha boa entrada de ano a todos os veciños e ao resto da corporación.

7º Mocións

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal do PP. Votan a prol da urxencia os cinco concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, os seis concelleiros presentes do PP, os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU e a concelleira non adscrita, e abstense o concelleiro do GM (PG).

Así pois, a corporación, por dezaoito votos a prol, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal de PP.

A) Moción do grupo municipal do PP en contra da retirada da axuda de 426 € aos parados de longa duración

Rexistrada de entrada ao núm. 18742 o día 23 de decembro de 2010. Consta do seguinte teor literal:

“Recentemente o goberno socialista anunciou a supresión da axuda de 426 € destinados a parados de longa duración (Programa Temporal de Protección por Desemprego e Inserción).

Este recorte supón, en última instancia que o colectivo máis vulnerable da cidadanía é o que vai pagar en primeira persoa a improvisación e incapacidade dun goberno sen rumbo nin planificación.

O goberno socialista xustifica este recorte na necesidade de aliviar o gasto público; non obstante, a política de desbaratamento que levou a cabo nestes últimos anos o goberno

de Zapatero obríganos a pagar agora uns intereses pola débeda moi superiores ao custo total do Programa Temporal de Protección por Desemprego e Inserción (PRODI).

Así mesmo, a supresión desta axuda supón retirar o seu único ingreso a moitas familias que contan unicamente con esa renda de subsistencia para manterse e sobrevivir. Ademais o momento que se escolle é o máis inoportuno, xa que o número de persoas que necesitan desta axuda crece exponencialmente.

Retirar esta medida vai facer que máis de 600.000 persoas en España se vexan nunha situación límite e loxicamente veránse obrigados a pedir axudas aos concellos, que tamén se encontran nunha situación de penuria económica.

Por todo isto, o grupo municipal popular somete a consideración do pleno a aprobación do seguinte ACORDO:

Instar ao goberno de España a manter o Programa Temporal de Protección por Desemprego e Inserción, coñecido popularmente como a axuda dos 426 euros mensuais, para os desempregados que agotasen todas as súas prestacións.”

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, manifesta que, en vista da moción que presentou o PP, dende o grupo municipal do BNG presentaron unha alternativa, é certo que fóra do prazo establecido, e polo tanto non van facer tampouco especial empeño.

Fixeron tamén un intento de consensuar algúns puntos, en primeiro lugar, porque coa parte dispositiva da moción do PP de instarlle ao goberno de España a que non retire o programa de axuda complementaria, os famosos 426 euros están de acordo, pero pensan que non é ese o único problema, hai unha situación especialmente grave co tema das pensións, tanto co atraso como coa ampliación do tempo de cálculo para calcular a pensión definitiva, que ademais lle vai afectar de maneira moi especial a Galicia, basicamente porque a media das pensións que se cobra en Galicia é máis baixa, están moi por debaixo da media estatal, e polo tanto vai haber máis problemas. Pero di que non é iso o único, hai máis cousas que pensan que dentro das últimas liñas de actuación política que está levando a cabo o goberno do Estado, son absolutamente prexudiciales e estaba ben que a corporación de Cambre se manifestara. Di que o intentaron pero que non foi posible. Tamén entenden que non é só o goberno central, o goberno da Xunta de Galicia está tomando tamén unha serie de medidas, como se estivo vendo no debate de orzamentos nos últimos meses, orzamentos da Xunta que foron aprobados hai uns días, nos que precisamente ás persoas que máis o necesitan é onde se eliminaron máis axudas e máis apoio, están falando da RISGA, están falando do plan de inclusión, están falando dun montón de cousas, e parecíalles adecuado que o pleno do Concello de Cambre, unha vez que trata esta situación, acordara un pronunciamento conxunto a todas. Non foi posible porque citada a voceira do PP manifestou que eles a presentaran en tempo e forma e que se ían manter dálle que dálle na súa proposta, o cal lle parece absolutamente lexítimo. O BNG pensando niso, e pensando tamén nunha moción que tamén fóra do

prazo establecido presentou EU-IU nun sentido parecido, o que anuncian é a súa abstención, non van votar a prol da moción do PP, non van votar en contra tampouco, vanse abster, e anuncian que o seu texto entrará en tempo e forma, e agardan poder consensuar co resto dos grupos municipais, por suposto con EU-IU e dentro do grupo de goberno, a presentación dunha moción con estas características que aborde toda a situación no próximo pleno da corporación.

Concedida a palabra a dona M^a Jesús González Roel, voceira do PP, manifesta que lle quere dicir ao Sr. Iglesias que cando a chamaron, ela dixo que non tiña ningún inconveniente en modificar os puntos dos acordos, pero lóxicamente non cunha moción que presentaron onte, sen explicación ningunha de urxencia. Este é un tema que non é de hoxe mesmo, é un tema que se podía ver dende o día 23 que foi cando o PP presentou a súa moción, e podían haberse molestado e poñerse en contacto con eles. Así a última hora non, o PP presentou a súa moción en tempo e forma e lóxicamente pode haber acordos da moción do BNG nos que poden estar de acordo e non terían problemas en incluílos, pero a moción que presenta o BNG, como ben dixo, é doutro tipo, o PP está falando dos 426 euros.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que o seu grupo evidentemente non vai votar en contra, xa que no mesmo sentido tamén presentaron unha moción, efectivamente fóra de prazo, pero considerando a urxencia de presentala. Di que consideraron esa urxencia polas medidas que está tomando nestes días, incluso onte e antonte, o propio goberno. Di que presentaron a moción e que hoxe tiveron unha chamada do voceiro do BNG, para ver a posibilidade de refundir as tres mocións. El cre que do que se trata é de rexeitar as medidas que está tomando o goberno, e non do protagonismo de quen presente a moción, esa debería ser a cuestión, e, nese sentido, EU-IU non tiña ningún problema en reunirse, aquí estiveron ás 20:00 horas, o PP dixo que polos seus motivos non viña, pero, en todo caso, o seu grupo non vai votar en contra da moción, entre outras cousas porque os 426 euros, a súa prórroga, foi un acordo que tivo o PSOE con IU, que non os retiraría mentres o paro non baixara do 17%, e o paro agora está no 20%.

Continúa dicindo que hai outra serie de cuestións que van na súa moción, a privatización de loterías do Estado, privatización de aeroportos, subvencións ás PEMES, unha serie de cuestións que eles presentaron aquí coa idea de que foran refundidas. Coa moción do BNG están practicamente de acordo e a subscriben, e como dixo, tamén coa do PP, pero este grupo está na cerrazón de que non, a súa soa, pois moi ben, que así sexa, o grupo de EU-IU vaise abster, coa idea de no próximo pleno chegar a un acordo co resto dos grupos para presentar unha moción conxunta rexeitando todas as medidas regresivas que está tomando o goberno en contra das clases menos favorecidas, que son o conxunto de traballadores deste país.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), manifesta que el vaise abster en todas as propostas que se fan. Parécelle que todas son propostas sobre o mesmo tema por parte dos tres grupos, e parécelle que o lóxico é que se se

pretenda chegar ao consenso, deberían estar presentes todos, ver o tema todos, e facer algo, se estiman que é oportuno, pero polo menos os tres grupos que as presentan, facelo en conxunto, se é que están de acordo. Polo que se ve, cada un quere levar o seu protagonismo, entón el vaise abster en todas, estando de acordo en xeral con todas, pero tendo tamén as súas puntualizacións sobre algunha, concretamente sobre a do BNG di que ten algunha achega que facer, pero con el ninguén falou por se quería participar neste tema. Di que é ben certo que el non adoita presentar mocións ao pleno, porque considera que se aproban e logo non se fai nada con elas, como moito facer as comunicacións se hai que comunicar o acordo a outras administracións, pero mocións que se aproban aquí por temas puntuais dos propios veciños, tampouco se lles fai caso, e a el gústalle que o seu traballo lle sirva para algo aos veciños.

Conclúe dicindo que, polo tanto, en principio vaise abster en todas estas mocións.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que lle gustaría facer unha pequena matización, que aquí se falaba de protagonismo dos grupos, e eles acaban de dicir que non queren ningún tipo de protagonismo. Eles o que querían era refundir tres mocións e que a lera quen lle correspondía, neste caso o PP, por ser o grupo maioritario, pero non queren ningún tipo de protagonismo, sobre todo nestas cuestións, respecto das cales cre que teñen unha sensibilidade especial.

Por outra parte cre que estas mocións, dalgunha maneira si que teñen algunha efectividade, porque eles tamén están aquí para dicirlle ao goberno central ou a calquera tipo de goberno, que non están de acordo coas medidas que están tomando, e polo menos que o dereito á pateadura que non llo saque ninguén.

Concedida a palabra a dona M^a Beatriz Ramos Padín, concelleira non adscrita, manifesta que ela, ao igual que ao seu compañeiro o Sr. Marante, gustaríalle que se chegara a un consenso nas tres mocións presentadas e que se debateran no próximo pleno, e así non tería o protagonismo nin o PP, nin EU-IU, nin o BNG, sería unha moción lida pola secretaria, como se fai habitualmente, e representada por toda a corporación.

Concedida a palabra a dona M^a Jesús González Roel manifesta que o PP presentou a moción o día 23 de decembro, esa é a gran diferenza, que o PP tivo a iniciativa de lembrarse das persoas máis desfavorecidas, e agora todo o mundo se quere colgar. A ela parécelle moi ben, porque canto máis ampla sexa mellor, todo o mundo está de acordo, pero que ninguén queira dicir que ten protagonismo, máis ou menos. O PP presentouna o día 23 de decembro, e todos os grupos tiveron ata hoxe, que é día 30, a oportunidade de poder achegar calquera cousa á moción, nunca estiveron pechados a iso, o que non pode ser é o día anterior presentar outra o BNG e hoxe día 30, EU-IU. Di que esa é a gran diferenza, que o PP a ten presentado o día 23, e que pode ser mellorable, seguramente.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros presentes do PP, e abstéñense os cinco concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU, o concelleiro do GM (PG) e a concelleira non adscrita.

A corporación, por seis votos a prol, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

O Sr. alcalde informa que tanto a moción presentada polo BNG o día 29 (moción alternativa do grupo municipal do BNG á presentada polo grupo municipal do PP sobre a retirada da axuda de 426 €aos parados de longa duración), como a moción presentada por EU-IU hoxe día 30 (moción contra as medidas anticrise do goberno), non se van tratar por estar presentadas fóra de prazo.

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal de EU-IU. Votan a prol da urxencia os cinco concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, os seis concelleiros presentes do PP, os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU e a concelleira non adscrita, e abstense o concelleiro do GM (PG).

Así pois, a corporación, por dezaoito votos a prol, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal de EU-IU.

B) Moción do grupo municipal de EU-IU de homenaxe a Marcelino Camacho

Rexistrada de entrada ao núm. 18739 o día 23 de decembro de 2010. Consta do seguinte teor literal:

“O pasado 29 de outubro morreu aos 92 anos Marcelino Camacho, o histórico líder de CCOO, logo dunha longa enfermidade.

Camacho, dirixente obreiro e comunista, defensor da liberdade e dos dereitos dos traballadores/as, viviu en primeira liña os momentos máis decisivos que protagonizou a clase obreira en España durante o século XX, dedicou toda a súa vida á conquista dunha sociedade máis xusta e solidaria. Tanto na guerra, no exilio, na ditadura e na liberdade sempre loitou xunto aos traballadores/as. Foi un dos fundadores de CCOO na clandestinidade e, por iso, en 1967 detivérono no chamado “Proceso 1001” onde o condenaron a 20 anos de prisión. Saiu en 1975 por un indulto real, aínda que despois volverían a deter.

En 1976 elixírono membro do Comité Executivo do PCE e Secretario Xeral da Confederación Sindical de CCOO, organización que dirixiu ata 1987.

En 1977 foi elixido deputado por Madrid pola lista do Partido Comunista, escano ao que renunciaría dous anos despois para evitar o conflito entre a disciplina de voto do partido e a súa fidelidade aos intereses dos traballadores/as.

Como secretario xeral de CCOO convocou en solitario a primeira folga xeral en 1985. Ademais, tivo unha destacada presenza nas mobilizacións contra a OTAN en 1986 e nas estudiantís do curso 86/87.

Marcelino Camacho foi o líder sindical máis importante do século XX en España e un referente fundamental no movemento obreiro. A súa vida estivo dedicada á loita polos seus ideais, polas liberdades deste país e pola defensa da clase traballadora.

Polo exposto o grupo municipal de EU-IU propón ao pleno a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: O Concello de Cambre fai un recoñecemento á figura de Marcelino Camacho, referente da loita política e social da esquerda española.

Segundo: Considerando os méritos expostos, a súa contribución á defensa dos dereitos dos traballadores/as, así como a súa loita pola conquista dunha sociedade máis xusta e solidaria, o pleno do concello aproba a designación dunha praza ou rúa en homenaxe á memoria de Marcelino Camacho.

Terceiro: Dar traslado deste acordo a CCOO para que o traslade á familia do sindicalista.”

Concedida a palabra a dona M^a Jesús González Roel, voceira do PP, manifesta que o seu grupo, a pesar de estar nas antípodas, ideoloxicamente falando, con Marcelino Camacho, si van apoiar esta moción porque oxalá agora, nestes momentos, houbera persoas como Marcelino Camacho que defenderan como defendeu el aos traballadores. Polo tanto, o voto do seu grupo vai ser a prol.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os cinco concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, os seis concelleiros presentes do PP, os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU, o concelleiro do GM (PG) e a concelleira non adscrita.

A corporación, por unanimidade dos dezanove concelleiros presentes na sesión, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

Sendo as 21:45 horas, auséntase da sesión don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG.

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo concelleiro delegado de Transportes, Mobilidade e

Patrimonio. Votan a prol da urxencia os cinco concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, os seis concelleiros presentes do PP, os tres concelleiros presentes do BNG, os dous concelleiros de EU-IU, o concelleiro do GM (PG) e a concelleira non adscrita.

Así pois, a corporación, por dezaoito votos a prol, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada polo concelleiro delegado de Transportes, Mobilidade e Patrimonio.

C) Proposta do concelleiro delegado de Transportes, Mobilidade e Patrimonio respecto da necesidade de ampliación do percorrido da liña 176 de transporte metropolitano para dar servizo aos núcleos da Mota e Aldea de Arriba

Consta do seguinte teor literal:

“Con data 2 de marzo de 2005, asinouse un Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e os concellos da área da Coruña, entre os que se atopa o Concello de Cambre, para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galicia na área da Coruña.

Transcorrido un tempo suficiente de vixencia do convenio para a avaliación da política de fomento de transporte público nel contidas, advertiuse polos responsables de transporte do Concello de Cambre a necesidade de afondar en actuacións que melloren a calidade e competitividade do transporte público.

Así, na parroquia de Cecebre dende hai tempo existe unha demanda por parte dos veciños e veciñas en torno á necesidade de que a liña de transporte metropolitano n.º 176, que discorre polos Catro Camiños de Pravio, Apeadeiro, San Salvador de Cecebre e o polígono industrial de Espírito Santo, amplíe o seu servizo co fin de dar cobertura aos núcleos da Mota e Aldea de Arriba.

Dende o Concello de Cambre, púxose de manifesto a necesidade descrita no parágrafo anterior ante a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a Dirección Xeral de Mobilidade e o Servizo de Coordinación dos Plans de Transporte da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, co fin de que se contemplase a ampliación de liña ata A Mota e Aldea de Arriba no Convenio de colaboración do ano 2010, para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galicia na área de transporte metropolitano da Coruña.

Segundo a Dirección Xeral de Mobilidade, a ampliación da liña 176 para dar servizo á Mota e a Aldea de Arriba implicaría que o bus metropolitano debería transitar por unha vía cuxa concesión de servizo corresponde a unha empresa de transporte privada e que, polo tanto, a Dirección Xeral de Mobilidade debería emprender unha negociación coa referida empresa e revisar a concesión outorgada a esta.

Tendo en conta o exposto, formulo ao pleno a seguinte proposta de acordo a adoptar:

Solicitar á Dirección Xeral de Mobilidade, dependente da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a realización, coa maior brevidade posible, dos trámites precisos para ampliar a liña n.º 176 do transporte metropolitano aos núcleos da Mota e Aldea de Arriba.”

Sendo as 21:50 horas reincorpórase á sesión don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, manifesta que, como de costume votaron a urxencia, e quere adiantar que o PP vai presentar unha moción no vindeiro pleno para modificar o Regulamento orgánico municipal, para que non sexa necesario votar a urxencia das mocións que se presentan en prazo, si, evidentemente, as que se presenten fóra de prazo, como neste caso, así evítaranlle ao Sr. Marante ter que absterse, con toda a razón do mundo, en todas as mocións.

Continúa dicindo que o seu grupo vai votar a prol, como non pode ser doutra maneira, simplemente quere facer dúas preguntas. Hai 3 ou 4 meses neste pleno o Sr. concelleiro de Transportes dixo que xa estaba solucionado, e desfíxose en alabanzas cara ao seu xefe porque as súas xestións tiñan solucionado isto. Di que a súa sorpresa foi que ao día seguinte, ou aos dous días, viu ao Sr. concelleiro en televisión, cre que foi na TVG, dicindo o mesmo, que xa estaba solucionado. Pregunta por que entón lles preguntan isto hoxe, por que é necesario facer isto 3 ou 4 meses despois. Dille ao Sr. Parcero que non se pode facer así, non se pode, aínda que no seu caso van considerar que é porque era a súa primeira intervención e as cousas de novato se pagan, pero, dende logo, a pregunta é esa, por que dixo esas cousas hai 3 ou 4 meses cando a realidade é esta.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta en primeiro lugar que comparten a sensibilidade do compañeiro, e así o teñen demostrado con diversas presentacións de iniciativas neste mesmo sentido. Cre que ao que se estaban referindo anteriormente, cando o Sr. concelleiro falou do alcalde, foi a unha iniciativa que presentara EU-IU, pero que se refería ao transporte de Cela.

Conclúe dicindo que comparten a sensibilidade e felicitan ao compañeiro pola moción presentada. O seu grupo vai votar a prol.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os cinco concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, os seis concelleiros presentes do PP, os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU, o concelleiro do GM (PG) e a concelleira non adscrita.

A corporación, por unanimidade dos dezanove concelleiros presentes na sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

8º Informes da Alcaldía

De orde do Sr. presidente, dáse conta pola secretaria da corporación dos seguintes asuntos:

- Do escrito rexistrado de entrada ao núm. 17805, o día 9 de decembro de 2010, procedente da presidencia da Xunta de Galicia, no que se agradece o envío do acordo adoptado polo pleno do Concello de Cambre en sesión de data 20 de outubro de 2010, do cal se deu traslado á consellería correspondente. Fai referencia á declaración institucional do Concello de Cambre en relación coas medidas que o Goberno Central e a Xunta de Galicia pretenden impoñer sobre algunhas infraestructuras vitais para Cambre e para a área metropolitana da Coruña.

- Do escrito rexistrado de entrada ao núm. 17439, o día 29 de novembro de 2010, procedente da presidencia da Xunta de Galicia, no que se agradece o envío do acordo adoptado polo pleno do Concello de Cambre en sesión de data 28 de outubro de 2010, do cal se deu traslado á consellería correspondente. Fai referencia á moción do concelleiro delegado de Medio Ambiente, Obras e Servizos, Participación Cidadá e Turismo, para esixir o mantemento do noitebús.

- Do informe da Intervención municipal, de data 30 de decembro de 2010, sobre o cumprimento dos prazos establecidos na Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

9º Rogos e preguntas

Rogos do PP presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 18741 o día 23 de decembro de 2010.

1º Rogamos ao equipo de goberno nos informe do estado en que se atopan as obras da estrada do centro de saúde de Cambre e para cando está prevista a súa finalización.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que as obras están incumprindo o plan de traballo que tiñan estipulado e, de feito, a esta data tiña que estar a obra xa rematada. Debido a isto e aos reiterados incumprimentos hai unha proposta de resolución do contrato coa empresa adxudicataria que xa se iniciou a primeiros deste mes mediante unha providencia que saiu da súa concellería. Di que hai xa unha proposta do director de obra e hai un informe do técnico responsable no concello da dirección desta obra, tamén no mesmo sentido. Ten un amplo expediente con todas as datas dos diferentes puntos que tivo todo este proceso e non hai inconveniente en pasarllo.

Nestes momentos a empresa entrou en concurso de acreedores, o que era a antiga suspensión de pagos, e a propia lei recolle que cando unha empresa está en concurso de acreedores é un motivo de rescisión por parte dunha administración pública, pero tamén polos propios incumprimentos dos prazos de execución da obra foi polo que tomaron a

decisión de iniciar este expediente de rescisión. Lamentable pero efectivamente achacable á empresa que foi adxudicataria da obra, nunha poxa, en mesa de contratación, e con todos os pasos que os concelleiros coñecen.

2º Rogamos ao equipo de goberno nos informe dos motivos polos que se lles restrinxiu o acceso a internet aos funcionarios do concello.

Dona Carmen Tato Lago contesta que o pasado día 11 de marzo de 2010, a Concellería de Servizos Sociais, Sanidade, Persoal e Réxime Interior, dirixida por ela, ditou unha providencia para establecer as normas de uso de computadores persoais e do seu acceso á rede corporativa, teléfono móbil e teléfono fixo, co obxecto de ter instrucións de uso para todo o persoal do Concello de Cambre, como calquera organización pública e privada onde existe un número importante de empregados.

No mes de outubro de 2010, a instancia do departamento de Informática, unha vez se dispuxo dos programas informáticos para o seu control, quedou restrinxido o uso de internet, co obxecto de promover un bo uso, e fundamentalmente por seguridade informática, co fin de evitar a introdución nos ordenadores do concello de virus informáticos e outros programas malignos, reducindo os problemas informáticos e mellorando a velocidade de navegación na rede local e dos propios computadores persoais municipais.

O acceso ás páxinas web de organismos oficiais, entidades bancarias e aplicacións de administración local, autonómica e estatal, non están restrinxidos, polo que calquera empregado público pode acceder a estas páxinas web oficiais, ou a bases de datos legislativas, xa que se consideran ferramentas de traballo para realizar as súas funcións. Ademais, os xefes de departamento ou concelleiros do Concello de Cambre, poden solicitar ao departamento de Informática que sexan habilitados accesos a determinadas páxinas web por parte de empregados municipais dos departamentos, sempre que sexan necesarias para as consultas relacionadas co seu traballo.

Dona M^a Jesús González Roel, voceira do PP, agradece a contestación, pero sinala que o seu grupo xa fai máis dun mes que solicitou a providencia que ditou a concelleira e, como non a teñen recibido, por iso fixeron a pregunta.

3º Rogamos ao equipo de goberno nos informe dos criterios técnicos utilizados para a elección do proxecto da escola de música de Sigrás.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que non sabe exactamente a que se refiren con criterios técnicos, en todo caso, como el estivo no inicio dese procedemento que vén xa do ano 2006, lembra algún dos criterios que se utilizaron cando se fixo o concurso previo para a adxudicación do proxecto de redacción, e era que se integrara no lugar que ocupa, naquel espazo, e que cumprira cun mínimo de módulos que se definían, e que terían que estar habilitados, aulas con determinado tamaño mínimo, salón con determinado tamaño mínimo, ademais dos diferentes espazos comúns de

circulación, servizos, almacén e administrativos que serían necesarios. Eses foron os criterios que se barallaron no seu momento, cando se iniciou primeramente unha fase de concurso á que se presentaron 7 ou 9 proxectos. Co informe técnico do arquitecto municipal naquel momento e por acordo da mesa de contratación, produciuse a resolución de adxudicación nun dos proxectos presentados e iso deu lugar ao procedemento de contratación conseguinte.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, manifesta que o Sr. Iglesias dilles que estivo no proxecto, e iso é evidente, porque el lembra que pouco antes das eleccións municipais ese concelleiro fixo no salón de plenos unha presentación na que cre lembrar non estaba o Sr. alcalde. Esa foi unha demostración clara de que os gobernos bipartitos funcionan independentemente en función de que necesidade.

Tamén dixo que non sabía por que lle preguntaban, pero debería de sabelo, porque a escola de música aínda non está en uso, porque hai filtracións. Naquel momento o arquitecto municipal fixo un informe favorable, pero supoñen que posteriormente hai uns desfavorables. Non sabe se da pregunta se desprende que queren saber algo diso.

Continúa dicindo que a realidade é que a escola de música foi presentada en vésperas dunhas eleccións, que era o que lles interesaba, e a día de hoxe non funciona. Cando antes lles falou da Casa da Cultura, de que fixeran as cousas ben, sen présa e sen pensar nas eleccións, tamén se refería a isto. Pregunta por que non está en funcionamento a escola de música, e tamén pregunta que reparos puxo o arquitecto municipal, antes, durante e despois do proxecto, da redacción e da construción, porque a realidade é que iso non está a disposición dos veciños.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que se o Sr. Cubeiro quere pode cederlle o seu tempo de resposta, da primeira e da réplica, para que o concelleiro popular faga o seu discurso, que trae preparado e que lle dá igual, que ven a falar de laranxas e acaba falando de cebolas, de troncos de madeira, e do que sexa. Dálle igual, solta todo e punto.

Di que o PP preguntou por cales foron os criterios técnicos que escolleron e el entendeu que se refería a iso, non sabe se a pregunta que lle quería facer era sobre criterios técnicos de cálculos de estruturas, non o sabe, pero a iso, como comprenderá, non lle pode contestar, o que pode é lerlle, por exemplo, un informe que ademais xa ten o grupo popular, porque estiveron o día 22 ou 23 repasando eses resultados. Dilles que non sabe se leron ben eses informes técnicos que alguén contratou. Non foi el, porque foi nunha etapa posterior, pero contratouse a unha asesoría externa a petición da empresa adxudicataria, porque foi a empresa adxudicataria a que amosou discrepancias co proxecto despois de que resultara adxudicataria da obra. Non o dixo antes, senón despois, presenta uns escritos, ou conversa cos técnicos municipais dicindo que algo non estaba ben. É curioso que non o detectara antes, senón que o detectara despois, cando xa ten o contrato asinado. En todo caso, non ten nada que ver co das humidades, é dicir, as discrepancias técnicas da empresa que se solucionaron ou encamiñaron a través

dunha consultora externa, cos informes dos técnicos municipais, cos propios informes contradictorios dos proxectistas, dos redactores do proxecto, non teñen nada que ver con iso. É un tema de cálculo de estrutura dunhas vigas que a empresa dicía que aguantarían ou non aguantarían, e que se solucionou como era lóxico para todo o mundo, facéndoas máis gordas. Pero di que iso non ten nada que ver coas humidades.

Tamén había outro problema que, efectivamente, si pode ser máis razoable, como se constrúe pegado ao edificio antigo que está no Souto, podía haber algúns problemas na construción ao baleirar aquilo, descargas do edificio vello cara ao foxo que se construía. Houbo que adoptar unha serie de medidas para reforzar e non interferir naquilo. Iso todo é o que queda reflectido nos informes, non ten nada que ver coas humidades, o das humidades gustaríalle saber a el por que é. El pode darlles unha opinión, o Sr. Cubeiro terá a súa e calquera dos que están aquí terán a deles. El pensa que é un problema dunha mala execución, non é un problema de proxecto nin de deseño, nin nada. É o que ocorre algunhas veces coas empresas, que ganan concursos abertos, non procedementos negociados ou con invitacións, senón concursos abertos nos que presentan a mellor oferta, nos que teñen toda a documentación en regra, e se lles adxudica, neste caso por poxa. Despois teñen que executalo ben, e unhas veces o fan ben e outras non, por sorte a maior parte das obras que se xestionan en Cambre e noutros sitios van ben, ou van razoablemente ben. Outras veces non, e pasa como con Indeza no POS 2007, ou como pasou coa primeira adxudicataria do campo de fútbol de Lendoiro na Barcala, onde houbo que pasar á seguinte empresa, ou como pasa agora con Cuíña que está executando a Travesía do cemiterio e haberá que rescindir o contrato. Con Espina Obras Hidráulicas é unha opinión persoal, el cre que executaron mal parte do traballo, porque como saben, xa foron alí a levantar o terreo como 5 ou 6 veces, e aínda están comprometidos, cre que nestes días, a facer algunha operación, pero está mal executado o traballo. Non ten nada que ver, nin cos criterios técnicos, nin cos criterios funcionais de adxudicación ou de encargo do proxecto, nin ten nada que ver con eses informes que o PP levou do inicio da obra nos que aparecen esas discrepancias, pero eran temas distintos, discutibles, porque a empresa dicía unha cousa, o consulting que se contratou dicía outra, e os proxectistas dicían outra, pero iso quedou solucionado, aí non hai ningún tipo de problema, agora ben, postos a executar, executaron mal, e están arrastrando uns problemas serios. El supón que niso estarán todos de acordo e que contará tamén coa mágoa do PP porque iso non se poida poñer en marcha.

Conclúe dicindo que o que lles preocupa non é a inauguración, é a posta en funcionamento. A inauguración é absolutamente o de menos, que inaugure quen queira e cando queira, o que é importante é que un investimento público desas características vaise poñer en marcha dentro de pouco tempo, pero que non leve funcionando xa algún tempo máis.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez sinala que para cederlle o seu tempo de intervención, o Sr. Iglesias foi breve, como de costume.

O Sr. alcalde di que están no punto de rogos e que non van facer debates.

O Sr. Cubeiro sinala que, efectivamente, o PP nunca pode facer debates nos rogos, os demais grupos si, pero o PP non. En calquera caso, di que aínda non lle dixeron por que o arquitecto municipal non quixo formar parte desa obra. O Sr. Iglesias díxolles que non sabía a que se referían, pero coa súa facilidade para entender e explicar aos demais grupos como hai que facer as cousas é raro que non entenda unha pregunta. Probablemente o que está intentando dicir é que é culpa da oposición, como de costume. Di que a pregunta é ben sinxela, por que non funciona, por que o goberno municipal non é capaz de facelo. Cre lembrar que a empresa que fixo esta obra, fixo obras en Cambre de forma numerosa, antes, durante e despois. Se esa empresa non funciona e non sirve, pregunta por que se segue contratando, de feito cre que o equipo de goberno acaba de aprobar neste pleno o pago dunhas partidas importantes a esa mesma empresa que non funciona. El cre que son explicacións que teñen que dar, e que non lle diga que non está na pregunta, porque a pregunta é moi ampla se se quere explicar.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo pídelles ao Sr. Cubeiro que non sexa demagogo, persoa que utiliza a demagogia. Dille que nos informes que levou o PP teñen a razón pola cal o arquitecto municipal non quería ser director de obra, e era porque tiña moito traballo, así o pon nun dos informes que ten o PP e, en todo caso, esa non era a pregunta, esa pregunta haberá que dirixirla ao arquitecto municipal. O pon aí no informe, é porque tiña moito traballo e non podía atender ese tema.

Espina Obras Hidráulicas ganou a obra da escola municipal de música nunha poxa aberta, porque foi a mellor oferta, e xa podía poñerse o alcalde, o concelleiro ou calquera como quixera, que con todos os documentos en regra e sendo a mellor oferta, non lle quedaba outra. Pregunta por que lle contrataron as obras do FEIL, do ano 2009, el non o sabe, el non estivo nese procedemento de contratación, pero, dende logo no ano 2010 sacou unha. Ganou unha das obras que se fixeron, nunha invitación aberta na que foron un montón de empresas as que se presentaron. O PP o sabe, pero agora nunca fan referencia a iso, falan do FEIL pero do FEESL xa non se acordan.

Conclúe dicindo que fixo esa obra porque ganou legalmente e porque non tiña ningún tipo de incompatibilidade para contratar coa administración. Iso o Sr. Cubeiro o sabe perfectamente, polo que lle pide que non sexa demagogo. Preguntaron aquí polos criterios técnicos utilizados, esa foi a pregunta, por certo un rogo, non é unha pregunta, e iso foi ao que lle contestou aquí. Se quere establecer un debate o PP ten concelleiros suficientes para pedir unha comparecencia sobre a escola de música, pídelles que o faga, e que se tirarán toda unha sesión falando da escola de música, que é moi interesante o tema.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez responde que se hai alguén demagogo neste pleno, é o equipo de goberno, que pactaron, falsearon as contas dos orzamentos para disfrazalas, eles si que son demagogos. E con respecto ao que dixeron antes de que el mentía, aquí houbo unha reunión, na mesa que hai ao fondo, e ten que haber unha acta, e vai pedir esa acta, porque el fixo unha pregunta directa aos responsables de Augas de

Galicia, e lle responderon que o Concello de Cambre nunca tiña solicitado nada, porque non se falaba de axardinar.

Rogos de EU-IU presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 18769 o día 24 de decembro de 2010, xunto coas preguntas presentadas para este pleno.

1º Unha das preocupacións máis importantes de Esquerda Unida ao longo da lexislatura é a crise económica e o aumento do paro no noso concello. Así, o noso grupo ten presentado unha moción no mes de xaneiro de 2009, para a restauración do noso patrimonio etnográfico mediante un obradoiro de emprego, que posteriormente foi solicitado á administración autonómica.

O pasado mes de novembro a Xunta de Galicia deixou a Cambre sen o obradoiro de emprego para o ano 2010. Unha vez máis a nosa vila segue discriminada e aos nosos veciños/as négaselles a oportunidade de formarse para ter novas oportunidades de traballo.

Dende o noso grupo político consideramos que o goberno do concello deber reprobar a actitude da Xunta de Galicia coa nosa localidade, adoptando unha situación claramente discriminatoria cos cidadáns do resto da comarca ao non ofrecérselle por parte da administración autonómica as mesmas oportunidades para adquirir a formación necesaria e poder ter unha mellor saída á crise que estamos padecendo.

Polo exposto o noso grupo prega ao goberno local, manifieste o seu rexeitamento á decisión da Consellería de Traballo da Xunta de Galicia, por desestimar a proposta do Concello de Cambre, na súa actitude de deixar fóra á nosa localidade dos plans de formación e emprego previsto por ela para o ano 2010.

Solicitar da Consellería de Traballo a súa rectificación para que incorpore a nosa localidade nos plans de formación e emprego previstos.

Dona M^a Ángeles Míguez Mouzo contesta que están de acordo co que dixo o Sr. Taibo e faranlle chegar á Xunta ese rexeitamento, de feito xa o fixeron publicamente a través da prensa. Di que en todo caso seguen estando en contacto con eles, e de feito, teñen pedido unha cita directamente co conselleiro, á cal asistiría o Sr. alcalde, ela mesma e a técnica de Emprego, para falar sobre o proxecto que teñen.

Tamén estaban esperando a que lles contestara a Xunta para pedir os proxectos aos que se lles concedeu subvención, ver cales foron os criterios que seguiron, porque teñen noticias de que moitos concellos retiraron o tema da axuda a domicilio, polo que se outorgaban 20 puntos, e que se lle deu precisamente por ese apartado. Están á espera de que lles dean a resolución para poder actuar, pero como viron que se está atrasando, é polo que están tomando medidas como pedir a cita co conselleiro, para ir falar con el

sobre este tema, xa que consideran que foi inxusto totalmente que non concederan a subvención. Di que, de feito, algúns dos técnicos cos que ela falou na Delegación, recoñecéronlle que había concellos aos que lla deran varias veces, e que a Cambre, non, o que xa non puideron dicir foi o por que.

Conclúe dicindo que se acepta o rogo e que van facer todo o que estea da súa man para que cambien de opinión e que lles dean o que lles corresponde.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, agradece a resposta e salienta o agravio comparativo con outros concellos aos que se lle deu polo tema da axuda a domicilio, que se suspendeu, e se lles deu igual, sobre todo iso.

Dona M^a Jesús González Roel, voceira do PP, manifesta que ela solicitou por escrito a información de por que se tiña rexeitado o proxecto e que logo a concelleira chamouna por teléfono, pero que ela se enterou por outro lado que parece ser que a resposta da Xunta é porque o concello non contrataba as prácticas nunha empresa pública, senón que eran privadas, e que era un dos requisitos que esixían nas bases e Cambre non o cumpría.

Dona M^a Ángeles Míguez Mouzo contesta que si o cumprían, porque o concello é unha empresa pública que ten contratada unha empresa privada para ese servizo, pero é o concello o que presta o servizo de axuda a domicilio. Á parte, moitos dos concellos que foron agraciados coa subvención, puxeron o tema da asistencia a domicilio e non a van facer, e contáronlles os 20 puntos igual.

Eles o que queren ver son eses proxectos aos que se lles deu a subvención, e que lles expliquen porque se lles dan eses puntos cando non levan a cabo o curso de axuda a domicilio. Como dixo antes, algún técnico incluso lle recoñeceu que deron a subvención a concellos aos que xa lla deran un montón de veces e non souberon que dicir.

Dona M^a Jesús González Roel sinala que está ben seguir mirando por que non se lles deu, pero que pensa que é porque non se cumpriron as bases.

Dona M^a Ángeles Míguez Mouzo di que ese non é un criterio porque máis xente non o fixo.

2º Segundo informacións do concello e da dirección da escola infantil da Barcala, nos últimos tempos o sistema de climatización do centro está ocasionando graves avarías e os problemas derivados delas provocan situacións de desamparo para os nenos/as e persoal que realiza o seu traballo nas instalacións.

Pregamos nos informen das actuacións levadas a cabo e da situación actual do problema no centro de ensino da Barcala.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que a finais do mes de novembro

produciuse unha situación coa calefacción deste centro que é bastante lamentable. Cando tiveron coñecemento práctico do que estaba ocorrendo, de que o sistema de calefacción alternativo que había montado non funcionaba, que foi o luns día 30, ese tema da calefacción alternativa quedou solucionado esa mesma mañá, estivo funcionando, non era suficiente pero melloraba en algo a situación, e o problema xeral que tiña a bomba de calor quedou solucionado o venres día 3 ao mediodía.

Di que no que se puxeron a traballar neses días foi, prioritariamente, en solucionar o problema, en reparar a avaría canto antes e, en segundo lugar, no que terá lugar en próximas datas, en establecer un protocolo de actuacións que se comunicará ao persoal e dirección da escola, ás empresas que teñan que levar ese mantemento, e cos propios técnicos municipais ou funcionarios dos diferentes departamentos que teñan que intervir, para que en ningún momento problemas de cruzamento de informacións, de falta de información, de malos entendidos, poida dar lugar a que haxa un día de atraso na reparación dunha cousa tan importante como é o sistema de calefacción dunha escola, sobre todo onde hai nenos pequenos.

Dito isto, cre que todos son conscientes de que as avarías poden producirse, que diso non están libres en calquera sistema, e o que teñen que intentar é poñer os medios, dotar dos instrumentos tanto na actuación, protocolarios, como na propia solución, instrumentais, para que as reparacións sexan o máis áxiles posibles.

En calquera caso, para este tema concreto que teñen agora, e en previsión de que é un compoñente complicado, que é difícil que haxa en stock nos provedores, agora o teñen duplicado para que, no caso de que volviera fallar, podelo repoñer inmediatamente.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, sinala que coincide co concelleiro en que as avarías, evidentemente, poden producirse en calquera momento. Engade que el cre que o sistema de calefacción alternativo non funcionou como debería nunha escola deste tipo onde hai nenos e nenas moi pequenos, onde son os máis vulnerables e onde estaban padecendo unha temperaturas bastante baixas, en vez dos 20 grados, máis ou menos, a que deben estar.

Continúa dicindo que cando se puxo o sistema alternativo, el estivo alí presente, porque foi a comprobar no sitio o que estaba ocorrendo, e é certo que viu uns focos de calor en sitios determinados, noutros non chegaba o calor. Na escola dixéronlle que se intentaba poñer radiadores nalgúns sitios altos para que os nenos non accedesen a eles, como é lóxico. Os sitios altos parece ser que non soportaban ese peso e parece ser que tampouco se podían poñer alí os radiadores.

Recoñece outra vez que as avarías son imprevisibles moitas veces, outra cousa é que teña que vir a peza de China, o que lle parece un conto chino, pero o que si lle preocupa de verdade é se o concelleiro ten coñecemento de que se lle propuxera ao persoal do centro a posibilidade de facer unha ponte no sistema eléctrico para aumentar máis a potencia, iso si que realmente lle preocupa. Gustaríalle que o Sr. Iglesias lle dixera se

ten coñecemento diso.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo agradece que lle dea a oportunidade, xa que sobre este asunto se puideron escoitar e ler auténticas barbaridades, sobre que se ía facer unha ponte no sistema eléctrico, o que acaba de comentar o Sr. Taibo dos radiadores, etc. Di que o problema é que por non ter establecido un protocolo claro e definido de quen é o responsable de comunicar, quen é o interlocutor válido e único para comunicar as cousas, e quen son os técnicos que se teñen que encargan e responsabilizar de solucionar os problemas, ao non estar iso claro, deu lugar a todas esas cousas que lle está comentando, que se unha peza ven de China, que se fixeron un amaño nos cadros eléctricos, absolutas barbaridades, pero que estiveron saindo publicadas porque a xente, como estamos nun país libre e está ben, pois falaba e falaba. Di que iso non é así, que todas as intervencións que se fixeron no sistema eléctrico foron supervisadas por persoal homologado, con dirección facultativa, con persoal cualificado que lle deu o visto e praxe a todas as operacións. O que si é certo é que se intentou paliar a situación e melloralala nese espazo de tempo que había para facer a reparación definitiva, dar uns radiadores, colocalos en sitios altos, pero que o persoal da escola infantil, non sabe se con bo ou mal criterio, non quixo. Agora o Sr. concelleiro estalle dicindo que os estantes non soportaban o peso, pero a el chegaronlle a dicir outras cousas, que os radiadores de vasenol non estaban homologados e estaban prohibidos por normativa, unha auténtica barbaridade, xa que os radiadores de vasenol son os que temos todos pola casa, con rodas, de aceite. Haberá que poñelos de xeito que cando están quentes os nenos non poidan tocálos, ou non poidan caer sobre eles e darse un golpe, pero igual que unha mesa ou calquera outro elemento. O persoal da escola infantil non quixo poñelos, está ben, amañoouse o sistema alternativo, quedou funcionando dende o mesmo luns pola mañá, e o venres, antes do mediodía, estaba funcionando xa o sistema completo.

Conclúe dicindo que, en todo caso, non era toda a escola a que non tiña calefacción, era unha parte. É certo que a parte máis fastidiada, porque eran as aulas que é onde máis tempo botan os nenos, pero a parte do comedor, a parte de oficinas, iso tiña calefacción. Foi unha das partes, unha das seccións da escola. Manifesta o seu compromiso persoal, non a que non haxa avarías, porque iso ninguén o pode garantir, pero se se volve avariar esta hai un reposto xa inmediato para podelo cambiar, sobretudo deixar establecido un protocolo para que os tempos de reparación sexan os máis curtos posibles e non haxa problemas.

Don Luis Miguel Taibo Casás sinala que só quere dicir que lamentan a situación que sufriron os nenos e o persoal da escola infantil da Barcala, agardando que non futuro non se volvan producir estes feitos, nada máis.

3º O camiño que transcorre dende o Paraugas ata o Paseo dos Templarios, experimentou un aumento considerable na circulación peonil e rodada carecendo de sinalización que regule o seu tránsito.

Pregamos nos informen se existe algún proxecto de utilización e regulación da circulación e uso do mencionado camiño.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que el entende que a pregunta se está referindo á canella que queda onde está o bar Leonardo e que comunica co campo de chave coa zona do paseo. Di que non hai ningún proxecto, que iso forma parte dunha unidade de actuación urbanística que, en todo caso, rúas, camiños, etc., cando se ordene, tendo en conta aos propietarios.

O que se está construindo agora é o colector do Paseo dos Templarios, iso obrigou a levantar toda a rúa, cre que aínda está unha boa parte na que non se pode acceder, dende a zona do colexio Portofaro. Para facilitar o acceso aos garaxes do edificio onde está a biblioteca e algún máis, habilitouse un paso provisional por alí por parte da empresa que está facendo a obra. Son eles os que o están xestionando, pero non é que estea previsto facer ningún tipo de camiño, nin nada, posto que non existe.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, sinala que el non di que se faga ningún tipo de camiño, ao que se refire é que, como ben dixo o Sr. concelleiro, estase utilizando motivado polo cambio dos colectores do Paseo dos Templarios, e por alí pasa moita xente, pasan moitos coches, hai unhas carencias importantes, tanto no que é o firme do camiño, como na propia iluminación. Pasa a xente e non se ve practicamente nada, de aí a súa queixa. Veciños que tiñan que acceder por alí queixábanse da mala iluminación, pode comprobarse, e do firme do camiño.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo responde que el non sabe se talvez nalgún momento puntual, pero a pé, os veciños que viven por alí, que traballan por alí, que teñen que ir á biblioteca, poden entrar por todos os sitios polos que se entraba, polos paseos, dende o colexio Portofaro, dende a praza da Ría, dende varios sitios, a pé non hai ningún problema. Efectivamente os vehículos que teñen que entrar ao garaxe dese edificio teñen que entrar provisionalmente por aí. Di que supón que serán poucos días, porque estiveron avanzando bastante rápido e que son os vehículos que van a ese garaxe, nada máis, é unha entrada provisional, para camiñar a pé están o resto das zonas, e ademais teñen habilitados pasos nas zonas de balado que están pechadas para a obra. Efectivamente non é mesmo que unha rúa ben iluminada e ben pavimentada, pero é un paso provisional mentres están coa obra aquela.

Don Luis Miguel Taibo Casás sinala que non está de máis que se ilumine un pouco e que se acondicione un pouco o firme.

Rogos da concelleira non adscrita presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 18816 o día 27 de decembro de 2010.

1º Cal é a causa de que en varias zonas deste concello estea fallando a iluminación pública?

Dona M^a Beatriz Ramos Padín, concelleira non adscrita, pon como exemplo a zona do Souto en Sigrás, ou a zona do Temple.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que el supón que haberá causas varias. El pode darlle datos do que ocorreu coa iluminación do Paseo Marítimo e a rúa Constitución, doutras hai avarías varias, falla a iluminación, reponse e arránxase. Di que houbo un corte de corrente e fallou tamén a iluminación pública en Noiteboa, na parroquia de Anceis, na zona de Altamira, pero non é que fallara a iluminación pública, foi que fallou a subministración de Fenosa en toda a parroquia, e que xa se dirixiron á Consellería de Industria e máis a Fenosa por este asunto.

Di que non ten noticias doutras iluminacións. Hai as avarías normais, repóñense no tempo estipulado e sen maiores incidencias.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín manifesta que, por exemplo, na zona dende A Telva, máis ou menos, Mesón Vasco, ata a escola de música, ao mellor funciona unha semana e durante a semana seguinte non funciona. Chama ao departamento de Servizos, collen o aviso e ao mellor dous días despois comeza a funcionar, pero é seguido, os fallos son continuos, e na zona de San Lourenzo, igual.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo di que se lle fala dalgunha zona en concreto onde hai avarías repetidas, el comprométese a insistir ante a empresa que leva o mantemento, a que aclaren ben cal é o motivo. Non sería a primeira vez que ocorre que hai iluminacións con fallos complicados e que están de maneira reiterada fallando, se a concelleira lle fala desa estrada, el toma nota e de San Lourenzo. Preguntará e pedirá que informen de cal é o motivo de que estean fallando desa maneira.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín manifesta que o departamento de Servizos ten os datos tanto por rexistro como telefonicamente, a súa queixa como a dos outros veciños, dende hai xa meses.

2º Rogo se informe das obras feitas pola Confederación Hidrográfica na zona do Caneiro.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que este proxecto ven xa dende hai algún tempo. En concreto na zona do Caneiro o que se fixo foi un sistema de recollida de augas pluviais, cunha estación de bombeo, para evitar as inundacións que se producen por escorrentía, por choivas fortes nesa zona, ao existir agora a senda do río, e facer unha barreira de desaugadoiro. A senda ten un bo efecto, no sentido de que impide as crecidas do río cara á zona de vivendas, pero ao mesmo tempo fai de dique para a escorrentía. Ese problema que sobre todo nalgúns invernos foi bastante grave en partes do Caneiro, agora está solucionado con esa obra. Fíxose unha rede, unha malla de recollida de augas pluviais nos rueiros do lugar, instalouse unha instalación de bombeo, uns pozos que bombean cara ao río a través dunha canalización, que incluso poden

verter auga aínda que o nivel do río estea por riba ou estea tapando a boca dese desaugadoiro. As bombas teñen potencia suficiente e está comprobado.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín, concelleira non adscrita, pregunta se funcionou esa obra nestes últimos días nos que choveu.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que polas noticias que el ten si está funcionando. Non está aínda recepcionado definitivamente por parte do concello, pero si estiveron xa cos técnicos municipais e con diferentes responsables, collendo as chaves e facendo unha especie de recepción provisional, pero que non está aínda recibido provisionalmente.

Di que polas noticias que el ten si está funcionando e que de feito, con todas as choivas que houbo neste último mes e medio, non houbo no Caneiro máis que as inundacións normais que hai en calquer terreo ou lugar do concello.

Preguntas do PP presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 18740 o día 23 de decembro de 2010.

1^a Varios veciños manifestáronnos o seu malestar debido á falta de seguridade viaria, que existe no cruzamento do instituto dos Campóns. Ten pensado o equipo de goberno tomar algunha medida ao respecto?

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que este é un tema que xa EU-IU ten comentado nalgunha ocasión, teñen falado del, están falando de que ese cruzamento é unha estrada provincial e que polo tanto a súa titularidade é da Deputación. Dirixíronse a eles para que aborden ou abordar de maneira conxunta unha solución, e despois da última vez que o voceiro de EU-IU presentou o tema, estiveron alí in situ con dous dos enxeñeiros de Deputación e máis co enxeñeiro de camiños municipal, para que elaboren un proxecto técnico para ver que solución se lle pode dar en forma de rotonda a aquel cruzamento, para que se facilite a seguridade. Di que esa reunión mantivérona o día 23, o mesmo día que viron aquí para o derrubamento do galpón do Temple, aproveitaron para ter unha mañá de traballo en varios puntos, e un deles especificamente foi este.

Dona M^a Jesús González Roel, voceira do PP, di que agardan que tomen solucións para ese tema e que, de todas maneiras, aínda que sexa de xeito provisional mentres non fagan outra actuación máis importante, o que se falou aquí o outro día foi da falta de sinalización dos límites de velocidade, risco de peóns ou algo, porque non hai absolutamente ningún sinal dese tipo.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo preguntalle se está segura do que di, que non hai ningún sinal.

Dona M^a Jesús González Roel contesta que de seguridade viaria non hai ningunha.

2ª Pode informarnos o goberno local de cales foron os motivos do enfrontamento entre a concelleira de Servizos Sociais e a Asociación da 3ª idade de Cambre?

Dona Carmen Tato Lago contesta que hai que partir da base de que a Asociación da 3ª idade a compoñen persoas, ten que dicir que ela se leva estupendamente, as súas relacións son extraordinarias con todas as persoas que compoñen a Asociación da 3ª idade de Cambre. Non existe ningún tipo de enfrontamento e di que é máis, que comparte un montón de actividades, tanto durante a semana como incluso os domingos, nos que vai ao baile con eles.

Dona Mª Jesús González Roel, voceira do PP, di que lle parece estupendo que se leve ben con algunhas persoas da terceira idade, pero a asociación a forma unha directiva.

Dona Carmen Tato Lago responde que na pregunta non se fala da directiva, senón da asociación.

Dona Mª Jesús González Roel di que a Asociación da 3ª idade está composta por unha directiva que é a que manda.

Dona Carmen Tato Lago di que persoas.

Dona Mª Jesús González Roel di que loxicamente persoas, pero que é unha directiva, cun presidente, vogal, etc., e esas persoas foron reelixidas hai pouco por máis de 200 socios, polo cal merecerán un respecto por parte da concelleira de Servizos Sociais, e tralas acusacións que houbo aquí no pleno de setembro, que foron bastante fortes, di que eles desmenten totalmente o que a Sra. concelleira de Asuntos Sociais dixo no pleno, e ela o único que pregunta é se non ten pensado solucionar os problemas con eles.

Dona Carmen Tato Lago preguntalle que problemas, que acusacións e de quen lle fala, pídlle por favor que lle dea nomes.

Dona Mª Jesús González Roel di que fala do presidente da asociación e a actual directiva, e fala do que a Sra. concelleira dixo no pleno do mes de setembro que está recollido en acta.

Dona Carmen Tato Lago responde que mantén o que está recollido en acta, e que se ratifica nesas declaracións, e que se lle fala do presidente da Asociación da 3ª idade, pode dicirlle que é un compañeiro seu de partido, militante activo, e que ten unha relación con el extraordinaria.

3ª Cal é o motivo de que o goberno local teña iniciado as reunións co equipo redactor do PXOM sen contar coa oposición? Considera oportuno o goberno aprobar o documento de inicio sen o apoio do resto de forzas políticas municipais?

O Sr. alcalde contesta que hai uns días viñeron da empresa a recoller o que é a adxudicación definitiva do contrato, e por cortesía foron a velo a el, tamén estiveron reunidos coa técnica de Contratación e o xefe da área de Urbanismo, e non se firmou nada máis que o documento de inicio que está previsto no prego de condicións que se contrataron. Quedaron de ter unha reunión pasadas estas datas, cando tiveran un estudo, e leváronse algúns casetes e planos.

Conclúe dicindo que non houbo nada, que simplemente os recibiu como cortesía para presentarse e nada máis.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, manifesta que, entón, a conclusión que saca é que o único que hai de momento é unha visita de cortesía.

O Sr. alcalde contesta que iso foi con el, que a empresa veu traballar cos técnicos, pero que a el como alcalde foi por cortesía. Quedaron en que cando tiveran máis información, que lle presentarían os datos cunha semana de antelación, para comunicarllo aos voceiros.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez pregunta se non ten unha previsión de cando se vai reunir a Comisión de Urbanismo.

O Sr. alcalde contesta que, en principio, a empresa ten que presentar traballo no mes de abril, pero antes van vir aquí.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez di que non vai seguir preguntando, que o Plan xeral é un tema que xa deu moito xogo, van deixalo así, en abril xa é o final da lexislatura e o próximo alcalde de Cambre xa o fará.

Preguntas de EU-IU presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 18769 o día 24 de decembro de 2010, xunto cos rogos presentados para este pleno.

1ª Nos últimos tempos, estamos asistindo e non con pouca polémica ao atraso da inauguración da escola de música de Sigrás, motivado (segundo parece) polas filtracións de auga existentes nas instalacións.

Poden informarnos dos motivos que impiden a inauguración e das medidas tomadas para dar solución aos problemas?

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que neste caso a el tamén lle preocupa máis o funcionamento que a inauguración, que quede claro.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que xa comentaron algo antes, e que dende logo no que están traballando non é para inaugurala, senón para que a usen os

rapaces e profesores.

Di que, efectivamente, hai unhas filtracións de auga. Foron corrixindo algunhas, pero foron aparecendo outras e ese foi un pouco o motivo de que chegaran a este punto. Hai requirimentos á empresa para que o faga, tamén hai que dicir que, en último extremo, hai unha garantía depositada, un aval pola obra, e hai algunha certificación aínda non liquidada, non pasada, ou sexa, que o concello ten armas para presionar.

Explica que iso é no que se está e que agardan poder facelo canto antes, o problema é que hai defectos que veñen arrastrados de todo o proceso construtivo de hai anos e que son complicados de solucionar. Estase niso e el agarda que en próximas datas, a primeiros de ano, se é posible dentro do primeiro mes, que os rapaces poidan comezar a utilizar a escola, aínda que non se faga inauguración, que é o de menos.

2ª O pasado 3 de decembro nas instalacións do complexo “El Bosque” celebrouse a Gala anual do Deporte.

A canto ascendeu o custo económico para o Concello de Cambre o mencionado evento?

Don Jaime Manuel López Lisnier contesta que de momento non teñen exactamente a cantidade porque aínda non pasaron a factura final, pero o cálculo que teñen feito é entre 4.000 ou 4.000 e pico euros.

Don Juan Antonio Fernández López, concelleiro de EU-IU, pregunta se iso inclúe todo, invitacións e demais.

Don Jaime Manuel López Lisnier contesta que si, porque parte da xente que foi, pagaba, non era só todo xente que estaba invitada. Trátase dunha gala que se fai anualmente como recoñecemento aos deportistas de Cambre e ás asociacións deportivas e demais.

Don Juan Antonio Fernández López sinala que por todos é sabido a postura do seu grupo con respecto a este tipo de gastos, completamente innecesarios, simplemente quere dar un dato, di que hoxe aprobaron unhas bolsas de estudo de 7.200 euros para todo un ano, para todo Cambre, e se gastaron 4.000 nun festexo, nun acto que deixa moito que dicir que sexa de interese público.

3ª No presente mes producíronse continuos fallos e cortes enerxéticos na iluminación pública da rúa Constitución, o que provocou que veciños e empresarios denunciaran o problema no concello esixindo explicacións e solucións ao problema.

Poden informarnos das medidas adoptadas ante a situación?

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que o día 17 de decembro, venres, produciuse un apagón xeneralizado da iluminación pública do Paseo Marítimo e da rúa Constitución. Iso foi debido a unha avaría na alimentación da liña de Fenosa que

abastece o cadro eléctrico de mando desas dúas zonas. Hai unha acometida do antigo bombeo que había alí no Temple que é a que serve para alimentar eses cadros eléctricos e por iso non se notaba o fallo de corrente noutras zonas, mesmo algunha xente chamaba sorprendida de que os arcos navideños funcionaran e en cambio non funcionara o resto da iluminación. Iso era porque o punto de alimentación é distinto.

Di que a avaría é de total competencia e responsabilidade de Fenosa, é dicir, é na liña que alimentaba os nosos cadros. Púxose en coñecemento deles a través da empresa que leva o mantemento das instalacións municipais, presentáronse alí o sábado pola mañá, pero se presentaron e non solucionaron o problema nin deron aviso, o mesmo que ocorreu o domingo. O luns pola mañá dende o concello fixeron un montón de chamadas, de xestións, contacto constante coa empresa que leva o mantemento municipal. Foron persoalmente á Xunta de Galicia a entregarlle á xefa territorial da Consellería de Economía e Industria, unha reclamación e unha denuncia contra Unión Fenosa por non ter atendido ese servizo, ademais un fin de semana que era de compras, no que hai moitísimas horas de escuridade, porque a partir das 17:30 ou 17:45 xa é noite, nunha zona como é a rúa Constitución, con todo o comercio preparándose para estas datas, e cun grave prexuízo.

Di que se presentou esa denuncia o luns pola mañá, e que o luns pola mañá tamén as brigadas de Fenosa se presentaron no sitio, romperon o paseo no sitio onde eles xa sabían que tiñan que facelo, porque non fixeron 18 buratos, foron a un en concreto, e para ese día quedou xa funcionando.

Conclúe dicindo que ese foi o motivo e que está reclamado a Fenosa e denunciado na Consellería de Economía e Industria.

Don Juan Antonio Fernández López, concelleiro de EU-IU, di que supón que desta denuncia informarán, polo interese dos veciños que unha das cousas que reclamaban, segundo se estivo enterando agora, foi polo tema de que se tomara algún tipo de medidas de cara a estas deficiencias dun servizo que sempre é convenientemente cobrado a todos, e que supón que cando falla terá algún tipo de responsabilidade polos danos. Supón que iso farase público cando teñan algún tipo de resposta.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo responde que lle le o último parágrafo da denuncia que presentaron á Xunta que é “por estes motivos e diante da indefensión que se produce, solicita a intervención da Consellería de Industria diante da empresa subministradora, instándolle ao cumprimento das súas obrigas e para que se delimiten, de ser o caso, as responsabilidades nesta falta de actuación, coa imposición das sancións a que houbera lugar”.

Don Juan Antonio Fernández López solicita unha copia da denuncia.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que sen problema ningún.

Preguntas da concelleira non adscrita presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 18817 o día 27 de decembro de 2010.

1ª A principios deste mes de decembro o alcalde e o 1º tenente de alcalde mantiveron unha reunión co delegado da Xunta, Diego Calvo, para tratar as obras da estrada AC-213 dende A Telva ata Os Campóns.

Cal foi o resultado da citada reunión?

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que efectivamente mantívose esta reunión a petición do alcalde, cun grupo de empresarios do lugar da Telva, un dos sitios nos que en principio estaban máis preocupados polas afectacións posibles deste proxecto. Ademais de expoñerlle ao delegado da Xunta os temas que tiñan os empresarios, posteriormente expuxéronlle cuestións que dende o punto de vista municipal lles interesaban, e que eran esas e a maiores o tema dos pasos, o tema de servizos afectados, e da posible afectación tamén da zona de aparcadoiro da escola municipal de música.

Aproximadamente un mes antes desta reunión di que mantiveron unha reunión de traballo, unha visita de traballo a todo o tramo da estrada cos enxeñeiros da Xunta responsables do proxecto, de feito, consecuencia desa visita que se realizou un mes antes e na que por parte do goberno estivo presente el mesmo e tamén estivo o enxeñeiro de camiños municipal, se lles expuxeron unha serie de problemas que vían na proposta da obra, para ver se era posible facer modificacións, e de feito algunha das cuestións das que se faláron, na reunión que mantiveron co alcalde e os empresarios, estaban xa máis ou menos encamiñadas. O compromiso do delegado neste caso foi reformar o proxecto para recoller, na medida do posible, as cuestións que aos técnicos lles parecían viables e que favorecerían os intereses de Cambre sen menoscabo da seguridade.

Dona Mª Beatriz Ramos Padín, concelleira non adscrita, pregunta se na zona da escola de música para favorecer os intereses municipais, vaise desfavorecer aos veciños, porque por algún lado teñen que tirar, ou pregunta se se vai anular o vial de servizo que tiñan cara ao colexio de Sigrás.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo di que non entende moi ben esa primeira apreciación que fai, pero dille que non é necesario que lla explique, o que quere dicir é que non a entende, non que non oíra ben o que dixo.

Di que o que se vai intentar, e o que se lles expón é que o vial de servizo que hai que facer para entrar cara ao Souto, que afecte o menos posible á zona de aparcamento e de vial de servizo que ten a escola de música.

Iso vai intentarse de varias maneiras, modificando as medidas dos carrís, e modificando

tamén un pouco o eixe e os perfís que veñen das curvas anteriores, para que se permita a visibilidade. Di que algo lle vai afectar, porque a pretensión é que o acceso ao Souto e á saída do Souto cara a estrada AC-213 sexa en mellores condicións, e con carrís de incorporación que non ten neste momento. Esas son as modificacións que agora os técnicos están preparando, coa idea de afectar o menos posible ao interese público, que supón que tamén a Sra. concelleira, igual que fan os demais, defenderá.

Di que non sabe se lle vai tocar a algún veciño que se lle colla un pouquiño máis, unha cousa mínima, pero en todo caso se se fai, farase con todas as da lei, mediante un proceso negociador ou expropiatorio, igual que se está facendo no resto dos tramos.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín explica que ela o pregunta precisamente pola inquedaanza que teñen, por exemplo, os veciños que están fronte á escola de música. Como sairon en prensa eses posibles cambios, e saíu a zona de Sementeira, eles estanse preguntando se lles van expropiar máis a eles para salvar o aparcadoiro da escola de música. Esa é a inquedaanza que teñen os veciños, que con eses cambios se vexan máis prexudicados.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que iso non o saberán ata que presenten o proxecto definitivo, que foi ao que se comprometeron. Nese momento falarano.

2^a Cal é o estado da obra da Travesía ao cemiterio?

Dáse por contestada.

3^a Cantos parques infantís se van crear e reparar e en que parroquias?

Don José Francisco Parcero Rial contesta que o único que teñen pensado, e están mirando a ver en que sitio se vai colocar, é na zona de Sigrás, ou ben onde está a escola de música, ou ben no Souto. Os técnicos están vendo onde o poden situar mellor, e é o único que de momento se vai crear. O resto o que se está facendo é retirando os aparatos danados que hai e reparándoos, en concreto, na rúa dos Muíños e Bribes, que están bastante mal, e non sabe se algún máis por aí.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín, concelleira non adscrita, sinala que cando fala da zona do Souto en Sigrás si que hai solo municipal, pero pregunta a que zona se refire cerca da escola de música, se na parte de arriba ou na parte de abaixo, pregunta se é onde estaba o antigo parque infantil.

Don José Francisco Parcero Rial contesta que non, que na parte de abaixo.

O Sr. alcalde toma a palabra para felicitar aos concelleiros e concelleiras, e aos que hoxe comparten este pleno, desexarlles a todos un feliz ano, e pide que o ano que vén sexa, polo menos, como este.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e dúas horas e corenta e cinco minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria

Antonio Varela Saavedra

M^a Luisa de la Red Ampudia